


Rutebeuf

O DITO DA HERBARÍA



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Rutebeuf: *Dito da herbaría*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey.
<http://palabras desconxeladas.com>

Rutebeuf



Ignorado durante moito tempo, redescuberto polo século XIX e lanzado ao gran público na segunda metade do XX pola voz e a música de Léo Ferré, Rutebeuf é, sen dúbida, un dos grandes poetas franceses. Non coñecemos da súa vida outra data senón a do seu casamento, o 2 de Xaneiro de 1261, mais as súas angustias, a súa pobreza, os seus problemas co xogo (debe ser un dos primeiros escritores que retratou conscientemente a ludopatía), o abandono dos amigos, as penurias da vellez co frío do inverno e o axexo da morte, coñecémoslos dabondo a través dos seus versos. Contados por el mesmo dun xeito directo e estremecedor. Igual que a súa fe sinxela e a súa virulenta loita contra a beataría e a dobre moral. Igual que a súa revolta contra un mundo baseado na inxustiza, a desigualdade e a insolidariedade. Igual que a súa exaltación da amizade e a súa defensa da mocidade. E todo sen demagogia nin maniqueísmo ningún. Porque, se traba nos vicios dos demais, tamén critica os propios. E, se dirixe a sátira contra outros, tamén sabe rir del mesmo. Cunha linguaxe rica en xogos, unha expresión de extraordinario ritmo e unha autenticidade poética que fan del o creador da lírica persoal francesa.

Trobeiro e xogar. Porque ten a variedade de acentos do lírico, do fabulador, do satírico, do narrador de milagres, do polemista, do construtor de xogos dramáticos e de teatralizacións paródicas que o xogar adopta na súa peregrinaxe por prazas e castelos.

A súa obra abrangue a poesía persoal (*La Pauvreté Rutebeuf, Le Mariage Rutebeuf, La Complainte Rutebeuf, La Grièche d'été, La Grièche d'hiver, La Mort Rutebeuf...*), a sátira de beatas e de ordes relixiosas corruptas (*Des Béguines, Des Jacobins, La Chanson des ordres, Des Règles...*), a defensa da Universidade (*La Discorde de l'Université et des Jacobins, Le Dit de Guillaume de Saint-Amour, Le Dit de l'Université de Paris...*) e a das Cruzadas (*La Complainte d'Outre-mer, La Complainte de Constantinople, Le Dit de Pouille...*), versos á Virxe ou vidas de santos (*Le Dit des neuf joies de Notre-Dame, Vie de Sainte-Élisabeth...*), fabliaux ou contos satíricos en verso (*Frère Denise, Le Testament de l'âne...*), toda unha rama (*Renart le Bestourné*) do *Roman de Renart*, aventuras do raposo nun mundo animal que satiriza a sociedade humana, e mais xogos dramáticos como *Le Miracle de Théophile* –un crego que vende a súa alma ao demo, precedente de *Fausto*– e o *Dit de l'Herberie*.

Tal diversidade de obra e de tons fixo que algúns historiadores da literatura se preguntasen se todas as obras que se lle atribúen son da súa autoría, e se todos os sentimentos que expresa corresponden ao poeta ou son distintas voces que el – actuando como xogar-pon na súa boca.

O Dito da Herbaría



Se temos en conta que o *dit* era unha composición en verso sobre un tema de actualidade e que Rutebeuf é autor de numerosos *dits* que tratan de cuestións candentes, semella lóxico relacionar esta peza cunha disposición da Facultade de Medicina de París que tomaba medidas contra aqueles que trataban os enfermos sen teren capacidade legal para o facer. Prohibíalles expresamente aos boticarios e aos herbeiros receitaren remedios e limitaba a súa función á preparación de medicamentos prescritos polos médicos. Esta orde é de 1271, polo que a data da composición do *Dito da Herbaría* pode ser inmediata.

A orixinalidade da composición en dúas partes –verso e prosa– do *Dito da Herbaría* semella vir dada pola procura de autenticidade. En efecto, se o pregón inicial do vendedor para axuntar o seu público quere a frase curta, rápida, rítmica e atractiva que tan ben cadra no verso, nun determinado momento a mensaxe esixe a desaparición da pexa da métrica e das ataduras da rima para se poder espallar libremente a través da prosa.

Tan auténtico resulta o retrato, que só uns poucos trazos de evidente esaxeración –o ollo que o actor lle chisca ao público en signo de complicidade– confirman que estamos ante unha parodia. Outramente son a mesma labia gabanciosa, a mesma graza choqueira, as mesmas chamadas de atención ao

público, as mesmas alusións aterradoras ás enfermidades mortais e as mesmas tranquilizadoras promesas de curación..

A construción do discurso é sinxela. Tras da presentación do vendedor como médico experto e instruído en moitos países ven a mostra da mercadoría e a garantía da súa eficacia. Despois dunha receita fantástica, o aval da autoridade científica da dama que o envía. Despois da exhibición de coñecementos, cunha particular explicación sobre a orixe dos vermes que parte das ideas da época, acábase recomendando unha preparación vermífuga tradicional. E, naturalmente, grazas á xenerosidade da benéfica dama e á propia bondade do vendedor, todos poderán adquirir as herbas e os ungüentos por un módico prezo.

As alusións á lenda de Preste Xoán, a Trótula de Salerno, á teoría médica do quente e do húmido ou á historia das trinta moedas de Xudas levaron a Edmond Faral e Julia Bastin¹ a afirmaren que a peza ía dirixida a un público culto. Estas alusións non son, con todo, incompatíbeis co auditorio popular da praza pública, que –aínda sen entendelas moi ben- recibe impresionado este tipo de referencias. Por parte, todo o público –instruído ou non- riría igualmente coas frases retranqueiras e as lérias escatolóxicas e sexuais que o charlatán deixa caer ao longo da peza.

O *Dito da Herbaría* debeu gozar de bastante popularidade a xulgar por outras pezas en francés que o imitaron tendo por protagonista un herbeiro, un médico ou un merceiro. Tamén en checo o tema do herbeiro produciu unha farsa no século XIV.

A tradución

O texto orixinal utilizado por nós é o da edición das obras completas de Rutebeuf feita por Faral e Bastin.

Pareceunos imprescindible conservarmos na tradución verso ou prosa en cada parte da peza, pois o emprego dunha ou doutra modalidade ten unha función expresiva moi marcada. Resultan evidentes a axilidade rítmica do primeiro –necesaria para engadar e reunir o público deambulante- e mais a naturalidade e a liberdade da segunda –necesaria para lle dar credibilidade á mensaxe.

O esquema métrico utilizado por Rutebeuf no *Dit de l'Herberie* (dous octosílabos que riman entre eles, seguidos dun cuadrisílabo que rima co octosílabo seguinte) é moi característico do autor, que o empregou tamén noutras composicións. Nós conservamos a rima, mais alongamos a medida converténdoo en versos de catorce e sete sílabas.

¹ Edmond Faral e Julia Bastin: *Oeuvres complètes de Rutebeuf*. Paris, Picard, 1959-60.

A nosa tradución en galego do *Dit de l'Herberie* co título de *Dito da Herbaría* publicouse no volume *Tres pezas cómicas francesas* da colección *Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor* da Universidade da Coruña en edición bilingüe francés-galego o ano 1999.

Señores destas terras que agora aquí viñestes,
uns mozos, outros vellos, aqueles e mais estes,
chegando xunto a min boa idea tivestes.

E podo asegurar
que en todo canto digo non vos hei defraudar.
De certo que iso hoxe ídelo comprobar
antes de me eu ter ido.

Sentade por aí! Non fagades ruído!
Escoitádeme ben! Non é conto aburrido!
Son médico perito,
corrín moitos países e no Cairo, en Exipto,
boteivos máis dun ano a aquela corte adscrito.

E a fe que foi rendoso,
pois gañei moito carto e comín ben gostoso.
Tiven que atravesar todo o mar proceloso.

Paseivos por Morea,
onde botou un tempo esta farmacopea
curándovos arreo a toda a xente aquea.

Andei por toda Italia
e recollendo herbas chegueivos ata a Galia.
Salerno, Puglia, Pisa, ata a antiga Massalia!
Son herbas de saúde
e todas impregnadas de moi alta virtude.
De calquera mal cura aquel que a elas acude!

Todo mal se desvía!
Ata o río que corre de noite e mais de día
con corrente de pedras e cantar de alegría
fun pedras recadar.
Preste Xoán² conquistara o país a guerrear,
mais eu en terra adentro non ousei penetrar.
E quedeivos no porto.

Dese sitio son moitas das pedras que eu aporto
e son extraordinarias. Resucitan un morto!

Velaí as ferritas³,
os diamantes e aquelas chamadas crespéritas!
Velaí os rubís, xacintos, margaritas,
topacios e granates!

Estes son telagóns e aqueles galonates!
Da morte endexamais ha temer os embates
quen con el sempre as porta.

E ben tolo vos é quen téndoas desconforta.
Que unha lebre lle veña, iso nada importa
se el se afinca e ten man!

² Personaxe fabulosos, señor dun imaxinario reino cristián que a Idade Media situou primeiramente en Mongolia e despois en Abisinia. A crenza nese reino deu pulo aos descubrimentos e ás viaxes.

³ Algúns nomes destas pedras preciosas como *ferritas*, *crespéritas*, *telagóns* e *galonates* semellan invencións de Rutebeuf (a palabra *ferrita* non tiña o significado actual). As *margaritas* ou *margaridas* son aquí as perlas; lembremos que a frase bíblica “Non lles botedes margaritas aos porcos” refírese ás perlas e non ás flores.

Tampouco lle preocupe cando lle ladre un can
 nin cando un burro vello ceibe un couce brután!
 Se aquel non é covarde
 por todas partes leva un talismán que o garde.
 Carbúnculo eu traio e traio garcelarde⁴
 que son de cor violeta!
 Traio herbas da India e da illa de Creta,
 das terras máis recuadas traio a mostra completa.
 As que están sobre a onda
 nos recantos do mundo e terras á redonda.
 De todos os lugares esta bagaxe abonda.
 Vexo o que está a pasar:
 Non dades entendido o que estades a mirar!
 (Estádevos calados! Volvédevos sentar!)
 Esta é a miña herbaría,
 e por Nosa Señora, pola Santa María,
 que as herbas que vos mostro non son trapallaría
 senón de respectar.
 Teño unha para os nabos caídos levantar
 e outra para as fendiñas abertas estreitar.
 E a calquera paisana
 heivos eu de curar –de prazo unha semana-
 toda febre que teña, non sendo de quartana.
 Endexamais me falta!
 Se unha fístula podre un día a ti te asalta,
 curareina todiña, estea baixa ou alta.
 E, sen ningún recato,
 se unha vea do cu, tamén chamado o ato
 che sangra con molestia, vou eu e logo a abato.
 E se tes mal de dente,
 heite de curar eu, a fe, naturalmente,
 cun ungüento especial para dor tan premente.
 Vouvos logo contar
 A maneira e o modo como se ha cociñar.
 Ao vos dar a receita non vos hei enganar.
 Mete o martes na pota
 unha pouca de graxa, de saín de marmota,
 engádelle despois merdiña de gaivota,
 en hora mañanceira,
 e bótalle seguido follas de herba leiteira
 e cagallóns de coira, dunha vella rameira.
 Colle con moitas mañas
 lixo da rascadeira con que o cabalo rañas,
 e tamén, ben colleito, ferruxe de fouzañas.
 Ponlle algo de lan,
 engádelle unhas cascás de aveá temperán
 moídas no primeiro día desa semán.

⁴ Outro nome que semella creado por Rutebeuf.

E con iso farás
un emplasto ben feito. Co zume lavarás
por dentro todo o dente, e o resto poñerás
enriba da meixela.
Seguindo o meu consello, co emplasto obrando nela,
bota tranquilamente unha gran durmidela.
E que Deus te confunda
se ao espertares hai merda ou outra cousa inmunda.
Escoitade, vos digo! É verdade rotunda!
Podédelo lograr!
E vós, que o mal da pedra molesta e fai ornear,
sen atranco nin pexa eu vos hei de curar,
pois évos fermosura
que a fígado escaldado ou chaga que supura
sanda a miña man viva, sabedora e segura.
E para a miña beira
que veña moi axiña o que teña xordeira,
que dende que eu o trate, a orella ha ter lixeira
e moito ha rebulir.
Así Deus estas mans queira sempre asistir
se nunca coma antes agora el volve oír!
E este verso acabou.
Facede moito caso do que a min me encargou
a moi nobre señora que entre vós me enviou!

Boas xentes: Eu non vos son un deses pobres lingoreteiros nin un deses
pobres vendedores de herbas que van por diante dos mosteiros, con capas
mal cosidas, levando caixas e saquetiños que estenden riba dun tapiz. Non se
precisa tanto saqueto para vender pementa e pirixel!

Podedes estar seguros de que eu non vos son deses!

Eu sonvos dunha señora á que lle chaman Dama Trótula de Salerno⁵,
que se cobre a cabeza coas orellas e á que lle penden as cellas con cadeas de
prata por riba dos ombros. E estade seguros que a é a dama máis sabia que
poida haber nas catro partes do mundo!

A miña señora envíanos a diferentes terras e diferentes países: á Puglia,
á Calabria, á Toscana, á Campania, á Alemaña, á Picardía, á Gascuña, á
España, á Lorena, á Champaña, á Borgoña ou aos bosques das Ardenas, para
matarmos animais salvaxes e lles tirarmos os untos cos que facer menciñas
para os que teñen enfermidades no corpo.

A miña señora encargoume de que, en calquera lugar a onde eu fose,
dixese algunha cousa para que aos que estivesen arredor miña lles servise de

⁵ Na vila italiana de Salerno, xa citada ao primeiro polo vendedor de herbas, existía a máis célebre escola
médica do Occidente europeo na Idade Media. Unha das súas figuras máis importantes foi, no século XI,
Trótula Ruggieri, autora dun coñecido tratado sobre as enfermidades da muller.

exemplo. E, pois que ela me fixo xurar por todos os santos cando marchei de alí, vouvos aprender a curar o mal dos vermes, se quixerdes escoitalo.

Querédelo escoitar?

Hai algúns que me preguntan de onde veñen os vermes. Pois sabede que veñen de distintas carnes requentes e dos viños metidos en pipos e botos ao se agrearen nos corpos coa calor e a humidade. Porque os filósofos din que todas as cousas son creadas por estas dúas. E por isto veñen os vermes aos corpos, subindo ata o corazón, e fan morrer dun mal que lle chaman “morte súbita”. Persignádevos! Deus nos garde dela a todos e a todas!

Para curar do mal dos vermes tedes aos vossos pés, pasades por riba dela, a mellor herba que poida haber nas catro partes do mundo: é a artemisa. As mulleres cínguense con ela a noite de San Xoán e fan toucados para poñeren na cabeza. E din que nin a reuma nin o vágado poden afectalas na testa, nos brazos, nos pés ou nas mans. E mais eu maravillome de que a cabeza non lles fenda e de que o corpo non lles rompa polo medio, de tan potente que é esa herba! Na Champaña, onde eu nacín, chámanlle “herba madroa” que é tanto como “a madre das herbas”.

Collede tres raíces desa herba, cinco follas de xarxa e nove follas de herba leiteira. Esmagádeas nun morteiro de cobre cun mazo de ferro e almorzade tres mañás seguidas ese zume. Quedaredes curados do mal dos vermes.

Tirade os chapeus, aguzade as orellas e mirade as herbas que a miña señora manda para estas terras! E, como ela quere que o pobre poida adquirila tan doadamente coma o rico, díxome que fixese paquetiños de a real. Porque un pode non ter cinco libras no peto e mais ter un real! E díxome e ordenoume que collese un real da moeda que correse no país e na bisbarra onde eu vendese: en París un parisiense, en Orléans un orleanés, en Le Mans un mansés, en Chartres un chartrés, en Londres de Inglaterra⁶ un esterlino, por pan ou por viño para min, por herba ou avea para o meu rocín. Porque quen serve o altar ten que vivir do altar⁷.

E dígovos que se houbese aquí algún home ou algunha muller tan pobre que non tivese cousa que dar, que veña adiante agora mesmo! Eu sería quen de lle emprestar unha das miñas mans por Deus e outra pola súa Nai con tal de que hoxe nun ano fixese cantar unha misa do Espírito Santo pola alma da miña señora que este oficio me aprendeu. E que non bote eu tres peidos sen que o cuarto sexa pola alma de seu pai e de súa nai, en remisión dos seus pecados!

⁶ Porque, efectivamente, existía outro Londres en Francia, na rexión do Quercy.

⁷ Esta frase de San Paulo servía para xustificar a petición do *décimo* polo clero. Posteriormente converteuse en frase proverbial.

Estas herbas non son para comer. Non hai neste país boi tan forte nin tan forte cabalo que, se llas puxeren enriba da lingua –inda que fose en cantidade tan pequena coma un chícharo- non houbese morrer de ruín morte. Tan fortes e amargas elas son! E mais o que é amargo para a boca é bo para o corazón!

Tedes que poñelas tres días a durmir en bo viño branco. Se non tedes branco, collede tinto. Se non tedes tinto, collede boa auga clara, porque hai quen non ten un pipote de viño na adega e ten un pozo diante da porta. Habedes almorzar con ela durante trece mañás. Se fallades un día, botade outro máis, que isto non é meigaría. E xúrovos pola Paixón, na que Deus maldiciu a Corbitás –o xudeu que fabricou as trinta moedas de prata na torre de Abilén, a tres leguas de Xerusalén, polas que foi vendido Deus- que habedes curar de diferentes males e diferentes feridas: de todas as febres non sendo a cuartá, das reumas todas non sendo o paralís, da inchadura do corpo ou da vea do cu se vos molesta. Porque se meu pai ou miña nai estivesen en perigo de morte e me pedisen a mellor herba que eu lles puidese dar, habíalles dar esta!

Deste xeito vendo eu as miñas herbas e os meus ungüentos. O que queira que os leve, e o que non que os deixe!

Anónimo

MONÓLOGO DO ARQUEIRO FRANCO DE BAGNOLET



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Anónimo: *Monólogo do Arqueiro Franco de Bagnolet*.

Tradución ao galego de Henrique Harguindey.

<http://palabrasdesconxeladas.com>



Non coñecemos nin o autor nin a data de composición do *Arqueiro Franco de Bagnolet*. Foi atribuído –semella que con pouco fundamento– a François Villon, outro dos grandes poetas franceses, mozo máis ou menos marxinal do París do século XV. O que si parece é que a peza procede da rexión parisiense. Canto á data, o monólogo debeu ser escrito entre 1468, data da batalla de Champtocé citada na peza, e 1480, momento da disolución dos Arqueiros Francos por orde de Luís XI.

Este corpo armado fora creado máis dun século antes para manter a seguridade no campo e mais para que o rei contase cun corpo suplementario na mobilización. Cada parroquia debía contar co seu arqueiro e custearlle o seu equipo (Bagnolet, que hoxe forma parte de París, era entón unha aldeña da rexión). O rei mobilizábaos para a guerra pagándolles un salario, e o resto do tempo permanecían na aldea, sen paga, traballando o campo mais libres de certos impostos; de aí a súa denominación de "arqueiros francos". Os millares de arqueiros así constituídos foron nalgúns casos útiles para os reis de Francia –como na loita contra os Ingleses- pero en xeral a súa falta de formación militar foi máis negativa que positiva nos combates. Masacrados a milleiros nalgúns batallas, noutras rendíanse masivamente ou fuxían pura e simplemente, cando non se pasaban sen máis ao campo inimigo. E o pobo tiña que estar continuamente dando cartos para repoñer o equipamento dos arqueiros.

Á súa sona de covardes uníase o feito de moitos cometeren pillaxe sobre aqueles que debían protexer, e xuntárense mesmo os arqueiros ás bandas de ladróns e facinorosos que asaltaban as aldeas. Á xenreira e á indignación popular uníase a escasa simpatía que os nobres e os corpos de exército regular lles profesaban a estes "pailáns", e a constatación dos monarcas de que era moito maior o prexuízo que o beneficio que tiraban deles. De aí a supresión dos Arqueiros Francos, á que sen dúbida o noso monólogo contribuíu ao espallar deles unha imaxe de covardes rouba-galiñas.

A figura do soldado fanfarrón e ridículo –parente do latino *miles gloriosus*- entra na literatura francesa da man do Arqueiro Franco de Bagnolet, que ha coñecer numerosas imitacións e derivacións. O seu éxito plasmoste en numerosas edicións e na entrada como ditos proverbiais de certas frases da peza ("Non é senón un espantallo de canaveira" ou "Non teño medo de nada non sendo dos perigos") A súa popularidade chega ata Rabelais, que alude repetidamente a este monólogo dramático.

O curto monólogo constitúe unha verdadeira minicomedia, co seu plantexamento, o seu nó e o seu desenlace. Dunha viveza e unha penetración proporcionais á súa brevidade. O efecto cómico e irónico do texto nace do desfase entre o que o arqueiro pretende contar e o que realmente di. O control das palabras escápalle e acaba aparecendo o que o protagonista quería disfrazar. O fachendoso botaporela queda ao descuberto.

Iníciase a peza co arqueiro pedindo infrutuosamente a axuda económica dos veciños para o equipar. Para mostrar valentía e forza todo se lle volven xuramentos. As fazañas que –para impresionar o auditorio- pretende, vánselle desinchando coma un globo, traizoadas pola súa lingua. Sabemos así que non hai tal iniciativa no ataque senón que se ve envolto no combate por engano, que anda sempre fóra da batalla e aproveita o domingo –día santo no que non se pelexa- para agredir a un pobre eivado que pasa de a cabalo. Esforricarase axiña de medo des que

dexergue o “inimigo”. Daquela aparece a verdade espida. O arqueiro non é senón un “pailanciño” tamén –el que pretendía nobreza e sentimentos cabaleirescos coas damas en frases nas que asomaban desexos vulgares- e se non fixo mal ningún na vida foi porque non tivo ocasión ou non ousou. Pero de novo, cando se decata de que non había senón un espantallo, recupera a fachenda e as palabras fortes do valentón de sempre.

A nosa tradución

O texto orixinal utilizado por nós é o da edición crítica de L. Polak¹. Na tradución resulta imprescindible manter todas as alusións históricas e xeográficas que caracterizan o texto, pois son esenciais na súa conformación. O que si trasladamos foi o sistema de interxecións relixiosas do orixinal francés (*Par la mor bieu! Par le sang bieu! Ventre bieu!* etc.) a un sistema galego e actual (*Arrecarallo! Arredemo! Arrecontra!*, etc.) que resulta máis próximo para un lector ou espectador galego sen por iso desvirtuar o sentido nin a ambientación de época da peza.

¹ L. Polak: “Le Franc Archier de Baignollet *suivi de deux autres monologues dramatiques*, Le Franc Archier de Cherré *et* Le Pionnier de Seudre”. Genève, Droz, 1966.

(Entra o arqueiro tocando nun corno)

Vai comezar a batalla! Vai comezar a batalla! Axudade a equipar o arqueiro! Contribuíde para o equipar!

Nada! Non paga a pena seguir tocando no corno! Vai haber que apertar os dentes e volveirse para a casa!

E mais nunca tan ousado nin tan valente me sentín coma hoxe!

Arrecarallo, arrabeo de non ter contra quen loitar!

Hai alguén que contra catro...? O que digo! Hai catro que queiran loitar contra min? Que se axunten axiña! Velaí o meu guante de ferro como desafío!

Arredemo, non teño medo de paxe ningún, con que no teña máis de catorce anos, ho!

Algún día quixo Deus que eu servise no exército. E gañei recompensa por cinco ingleses que pillei.

Quedaron espidiños, os pobres, des que os fixen caír a rolos polo chan.

Foi no asedio de Alençon².

Tres ofrecéronme rescate, e o cuarto escapou.

En canto que o outro escapou, colleume polas gorxas. Arrediaño! Se non chego eu a berrar “Viva San Xurxo³” (aínda que son bo francés) matábame el antes de que alguén me puidese valer.

E cando sentín que me batía cunha botella que me partiu enriba da testa, dixenlle eu: “Veña, vamos, acouguemos todos, ho! Arrecontra, eu non ando a buscar bulla! Vamos botar un grolo xuntos! E se agora estou a tremer, non é porque vos teña medo ningún. Arrediaño!”

(Alguén que está tras da xente ponse: Cacarácá!)

Que foi? Ouvín un galo cantar na casa dalgunha velliña. Heina ir espertar. Seica os galos e as galiñas fan o seu poleiro por aquí. A fe que han de ser dos que se salvaron en Ancenis ou en Champtocé. Alá tiven eu a desgraza de que me morrese un sobriño!

E mais levei un canonazo no pelo! Veu caír dereitiño aos meus fociños, pero eu berrei: “Váleme, Santa Bárbara bendita! Axúdame desta que eu che hei axudar a ti doutra!” Entón o canonazo bateu comigo no chan!

² Cidade da Normandía que estaba en poder dos Ingleses e que foi tomada polos Franceses en 1449.

³ San Xurxo era o patrón de Inglaterra, polo que o grito equivalía a berrar: “Viva Inglaterra!”.

Todo isto sucedeume des que tivemos a fortaleza conquistada.

O Barón e máis o Marqués, Craon, Cursol, L'Aigle e Bressuire⁴, correron onda min para saberen o ocorrido. Tamén La Rochefoucauld e o Almirante, e Bueil con todo o seu equipamento, e Penthievre e os capitáns, tiraron as súas manoplas de ferro para non me esfolar ao me daren unha aperta no chan, onde eu estaba esmendrellado.

Para que non dixesen que non me dignaba a saudar, aínda encontrándome mal, botei a man ao casco (porque me afogaba a cara). “Ah – púxose o Marqués- Un día has morrer a causa da túa temeridade!”...Porque el ben me vira correr moi por diante dos soldados cara ao castelo. Alí foi onde, por desgraza, perdín a capa, pois tomei un portelo da muralla pola entrada dunha taberna. Eu seguía a correr, porque ao que soan os claríns o valor medra nun pulo. De inmediato pregunto: “Onde é? onde é?”. E, nunha palabra, métome ata o pescozo.

De non ser polo orneo que viña do prado, onde estaban os nosos a berrarme: “Que fas Pedro? Non asaltes o galiñeiro!” tomábao sen máis nin máis. Certo que sería temeridade... E, se non chega a ser por un paxe que nos veu cortar o camiño, meu irmán de armas Guillerme e mais eu (Deus o perdoe, que ben nos cómpre aos dous!) atravesabamos sen falta as tropas dos Bretóns fendendo testas. Mais refreamos a nosa coraxe e arrecuamos (Que digo arrecuar! Non se debe dicir iso, ho!)...un nadiña...ata Lion de Angers⁵.

Eu non temía senón os perigos, que doutra cousa non tiña medo!

E, des que rematou o ataque da artillaría pesada, podiades oír todo un balbordo: “Plum! Plas! Zip! Zap! Ao cancelón! Aos flancos de diante e de atrás!”

E levei unha no medio da coiraza.

As señoras que estaban na praza non temían senón o canón. De certo que eu andaba moi quente, e levaba un portátil, mais se non me apurara en lle meter lume á pólvora...furaba enconadamente todas cantas mozas alí había! Lénavos dúas balas xemelgas, o meu canón! Nunca vos leva menos!

E cando viron dar o asalto, as mulleres xuntaron as mans.

Algúns utilizaban o *culebrino*⁶ tan teso e reluciente. E duro coma a pedra!

⁴ Todos eles e mais os que veñen a continuación, os uns citados polo seu rango e os outros polo seu nome, foron xefes do exército francés nesas batallas.

⁵ Lion de Angers dista máis de cincuenta quilómetros de Ancenis e unha trintena de Champtocé.

⁶ Desde “*As señoras que estaban na praza...*” é manifesta unha insinuación sexual que se fai a través de varios xogos de palabras, suxeridos basicamente no orixinal por *fouldre*, *coullart* e mais *courtault*. Nós transpoñémolos con imaxes e procedementos léxicos doados de recoñecer, e substancialmente a partir do

E o que! No medio daquela treboada dariades oído o tocar dos claríns para faceren bailar sen parar as raparigas ao son dos *culebrinos*!

A fe que cando penso! Évos inútil de todo a guerra con mulleres!

Dábanmevos mágoa as pobres das señoras. Porque se un *culebrino* traspasa un muro, ben dura terían elas que ter a barriga para que non llela atravesase!

Decatádevos de que lles puideron facer moito mal se non chega a ser pola nosa nobreza de corazón!

Mesmo eses pailáns da aldea –quero dicir os pailáns do monte- non se coutarían de lles faceren mal. Mais nós, os nobres, sempre estamos coa ollada posta enriba da canalla. E eu andaba sempre por fóra do combate, sempre coa lanza ou a arma riba da perna. Daba xenio verme!

Achegouse por alí un bretón extraviado, cunha lanza que metía medo. Pero estaba eivado, porque partira os cadrís. Que pena, ho!

Na súa temeridade, vagaba el so por montes e vales, e, para que o seu cabalo choutase ben, ía facendo lume. Eu, dun revés, rebandeille a perna ata as virillas.

Foivos un domingo...quero dicir, un luns pola mañá! Non levaba armadura senón que ía vestido de seda para que non lle mancasse nos cadrís. Petaba seguido na testeira do cabalo, ao vir para a batalla, ou directamente sobre do rabo. E, como o faco tiña mormo, non lle petaba senón na zona da testa e das crinas. E cun garabullíño, para que non coxease. Tamén ía a modiño, para que non se esparrase: tric-trac, tric-trac. E riba da cabeza levávavos un pendón feito cun anaco de falchoca. Unha vitoria sobre tal home débese festexar igual que se se gañase un millón en ouro! Un soldado é sempre un tesouro! Mesmo se non vale nada, non hai que dicilo.

Eu estiven toda a miña vida ao servizo do capitán La Hire⁷. E con el fixen achas! Fun criado maior e despois paxe. E arqueiro. E despois tomei a lanza. Levávavola sempre contra a barriga, levantada coma un tronco.

E logo o señor de La Roche⁸ (que en paz estea) colleume como paxe. Eu éravos benfeito de corpo e mais de cara. Sabíavos cantar e acompañar coa flauta. E disparar entre dúas marcas. Nunha palabra, éravos tan xeitoso coma ese rapaciño que está aí. Tampouco non era máis vello ca el.

canón do arqueiro, que se concretará en *culebrino* (canón culebrino ou culebrina), palabra á que acudimos forzosamente en masculino polas súas evocacións sonoras, igual que antes empregamos *enconadamente*.

⁷ Compañeiro de armas de Xoana de Arco morto en 1544.

⁸ Xefe militar que axudara ao rei Carlos VII de Francia a reconquistar París, en poder de Henrique VI, en 1436.

Pero: como raios hei eu pillar o galo ese que acaba de cantar? Veña, vale máis facer que falar! Teño que asaltar a casa!

(Entón o arqueiro dexerga un espantallo de canaveira, feito á maneira dun soldado, cunha cruz branca por diante e unha cruz negra por tras, que sostén na man unha bésta)

Vállame o Santísimo Sacramento do altar! Vaime dar un repente! O que é isto? *(Ao espantallo)* “Ai, nobre señor, por Deus, piedade! Apartade a frecha e perdoádeme a vida! Vexo pola vosa cruz que somos do mesmo bando!”. *(Á parte)* De onde diaño puido saír este, tan solitario e ameazador? *(Ao espantallo)* “Como é que vos desviastes? Baixade iso, pagarei a reparación que me impoñan! Por Deus, meu amigo, virade a arma cara a outro lado, lonxe de min!”.

(Entón dexerga a cruz negra)

(Á parte) Arrdedemo, é un bretón! E eu acabo de dicir que son francés. Desta vez caíches, Perucho: é do bando inimigo! *(Ao espantallo)* “Vállame Deus, meu señor! Cara a onde queredes disparar? Non sabedes o que facedes! Demontre, se vós sodes bretón, tamén o eu son! “Viva San Denis!” ou “Viva San Yves!”⁹, tanto me ten calquera dos Dous con tal de que tamén viva eu! A fe, meu nobre señor, se queredes saber quen veño sendo, direivos que miña nai naceu no Anjou e meu pai non sei onde. O único que sei é que era da rexión de Montpellier.

E a vós: como vos chaman, nobre señor? Roland? Yvon?¹⁰ Matádeme cando vos prouguer”. *(Á parte)* Como? Non vai deixar, logo, de me ameazar? E mais non me quere escoitar! *(Ao espantallo)* “Pola Paixón de Cristo, permitídeme que me confese, que xa me sinto morrer! Tomade, velaí o meu casco: non está crocado nin roto. Entrégovolo coa miña espada. Mandade que preguen a Deus por min!”

“E déixovos a encomenda de que cumprades unha promesa que lle fixen a Santiago. Para cumprila habedes levar o meu perponto, o meu cinto e o meu corno¹¹”.

(Á parte) Morres ben a pesar túa, Perucho! A pesar túa e máis á forza! E, pois que ten que ser, non te revolvas!

(Ao espantallo) “Pídovos que preguedes pola alma do arqueiro de Bagnolet. E que me escribades nun letreiro este pequeno epitafio:

⁹ San Denis e San Yves eran os patróns de Francia e de Bretaña, respectivamente, polo que –como no caso anterior de San Xurxo– o grito equivalía a “Viva Francia!” ou “Viva Bretaña!”.

¹⁰ Roland é nome francés –e de lembranzas cabaleirescas– en canto que Yvon é bretón.

¹¹ Este antigo xibón acolchoado que levaban os guerreiros na Idade Media chamábase en francés *jaque*, denominación procedente do nome propio *Jacques*, que se converteu en nome xenérico dos campesiños franceses, o que dá idea da popularidade do Apóstolo.

Aquí xace o Perucho, o bo arqueiro,
que neste sitio morreu sen escapar
pois nunca no fuxir logrouvos ser lixeiro
e por iso obedeceu sen replicar.
Que Deus o teña no ceo acompañado
de arqueiros e soldados, xente que el amou,
pero dos bésteiros arredado...”

(*Á parte*) Ódiovolos a todos eles. Sonvos uns asasinós. Coñézovolos ben dende hai tempo...

“...E morreu no mesmo ano en que finou”¹².

(*Á parte*) Velaí está. É ben fermoso, non si? (*Ao espantallo*) “Pero deixádeme as miñas polainas, que se fose ao Paraíso a cabalo, como algún día fixeron San Martiño e mais San Xurxo, con eles iría mellor aparelado.

Déixovos luva e mais daga, que non levo outro equipo para me defender...Esperade! Seica queredes collerme sen preparar?”

Confésome a Deus, e, como non hai présa ningunha, á Virxe e a todos os santos.

Morro con todos os membros sans e con boa saúde, paréceme. Non teño mal ningún, e se estou a tremer é de medo e de calafríos.

Morro con todo o sentido... (*Á parte*) ...*Sen tido*! Éche certo que o que é *ter* nunca dei tido nadiña! A fe que nunca dei xuntado cartos ningún! Diso non teño que me confesar, ho, que nunca tiven un pataco!

(*Ao espantallo*) “Cos meus sete pecados mortais teredes que me axudar vós. Eu xa os levei ben tempo ao lombo. Agora déixoos enriba do meu perpono. Contaba con agardar ata a Pascua, mais velaí que se adiantou.”

O primeiro mandamento da lei di que hai que fiar (non os cartos cando imos beber, claro!) e crer nun só Deus...Pois eu nunca tanto vos crin e fiei como agora! Que tamén el me acuda neste apuro!

(*Ao espantallo*) “Non desmontades a arma? Mirade que non escapo! Non, ho, estou ben mortinho onde estou! Sonvos tan mansiño e sosegado coma unha rapariga!”

E que di o segundo mandamento? Que non se xure invocando o nome de Deus en van... Pois eu nunca o fixen senón con motivo, como fai un bo soldado. Porque se non xura, non mete medo!

¹² O derradeiro verso, cunha frase humorística moi usada na época, subliña o carácter satírico do epitafio.

O terceiro advértenos, prevé e exhorta a gardar as festas, tanto no inverno coma no verán... Pois mira ti se eu non son festeiro! Niso non conto mentira ningunha.

O cuarto exhórtanos a honrar pai e nai...E ben que honrei eu a meu pai ao me presentar coma un fidalgo, cando pola parte del non son senón un pailaroco que descende de pailarocos!

(Ao espantallo) “Por Deus, meu amigo, deixádeme chegar ao “Amén!”, por misericordia! Apartade un pouquiño a corda, ídesme ferir coa frecha!”

Arrecontra, confésome tamén do quinto, que é o que ven despois! Non prohibe este expresamente que ninguén mate?

“Ai, señor bésteiro, seguídeme ben este mandamento ¡ Canto a min, xúrovos polo máis sagrado que nunca matei senón algunha galiña!”

O outro mandamento ordénanos non roubar... E mais eu non o fixen nunca, que en ningún sitio tiven ocasión. Nisto teño a quen me parecer. Nesta materia non pequei, porque se me chegan a pillar roubando... Deus sabe o mal que me había caír enriba!

(Aquí, o que sostiña o espantallo déixao caír polo chan)

(Ao espantallo) Ai, meu nobre señor! Caístes? Xesús! E quen vos arrempuxou? Dícideme! O demo me leve se fun eu! Poño por testemuña a todos os que están aquí, meu señor, non sexa que mañá ou pasadomañá vaiades dicir...

Veña, dádeme a man! Axudareivos a erguer! Mais non me fagades mal ningún, que ben vedes que me doio de vós!

(Aquí decátase o arqueiro de que o espantallo non é un home)

Arrecoiro, levei unha ben boa! Non ten nin pés nin mans, nin se move!

Arrecoiro, é un saco cheo de ...! De que? De palla. Arrebicho!

Que carallo pasa? Seica se burlan dos guerreiros?

Que as febres quartás esganen ao que vos puxo aquí! Arrechispa, eu heino volver máis desgraciado do que nunca antes foi!

Chúfase alguén de min e...San Pedro me valla, non é senón un espantallo de canaveira que o vento tirou ao chan!

Que carallo, vouvos traspasar con esta espada!

Ai, non, que cortaría o saio e sería unha perda grandísima!

Vouvos levar coma unha presa de combate. Na fortaleza hei dicir que é o botín que traio da guerra.

Burláronse ben de ti, Pedro! Hostia santa e bendita, atacaríavos fulminantemente se soubese a vosa valentía! Á primeira xa estariades rolando polo chan! Por moito medo que eu tivese había ser así!

...Deus quixera que eu estivese xa de volta na casa con todo isto!


O que tal pesa! Comeu palla a oito e agora cáille por tras! Máis traballo para a criada, ter que o levar fóra deste sitio!

Meus señores, quedade con Deus. E se vos veñen preguntar que foi do arqueiro, dicídelles que aínda non morreu, que segue portando daga e mais corno, e que ha volver axiña por aquí.

Adeus, vou ver se me pagan!

Anónimo

FARSA DO AVOGADO PATELÍN



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Anónimo: *Farsa do avogado Patelín*.

Tradución ao galego de Henrique Harguindey.

<http://palabras desconxeladas.com>



Descoñecemos o autor da *Farce de Maistre Pathelin*. Atribuíuse, entre outros, a François Villon, ao monxe normando Guillaume Alecis, e a Triboulet –popular autor e actor profesional que representou a farsa facendo o papel de Pathelin- sen que puidese establecerse nada con certeza. O que si parece seguro é que o autor coñecía ben o medio xurídico, que el debeu frecuentar. A obra, por parte, mostra unha vinculación coa rexión de París e mais coa Normandía tanto polas características lingüísticas como polas alusións que contén.

Ao non se achar o manuscrito orixinal nin existir outras referencias, resulta tamén descoñecido o momento en que foi escrita a peza. As datas propostas polos especialistas oscilan entre 1456 e 1465.

Coñécense varios manuscritos antigos, con algunhas diferenzas entre eles (grafías, variantes dialectais, incremento de versos, modificacións...) o que é normal dado que os textos medievais destinados á representación copiábanse para uso dos actores e estes, ás veces, facían incorporacións e modificacións e engadían neles anotacións escénicas propias.

A primeira edición, chamada Edición Le Roy e publicada arredor de 1485, serviu de base a todas as edicións posteriores ata os nosos días e é sobre a que se fixeron as edicións críticas clásicas como a de Richard T. Holbrook. Nos últimos anos, debido principalmente aos traballos de Jean-Claude Aubailly e de André Tessier, parece claro que o chamado “manuscrito La Vallière” (datado igualmente arredor de 1485 e coñecido tamén como o nº 25.467 da Biblioteca Nacional de Francia), a devandita edición Le Roy, e mais o “manuscrito Bigot” (do século XVI) remontan todos eles de xeito directo a ese orixinal perdido.

A *Farsa do avogado Patelín* é unha peza excepcional dentro do teatro cómico da Idade Media. En primeiro lugar, porque fronte á simpleza case anecdótica da acción habitual das farsas (as máis delas centradas nas disputas matrimoniais polo dominio ou no engano conxugal) a súa complicación é produto da confluencia e mestura de varias accións. De aí que a súa extensión triplique á das outras farsas. E en segundo lugar pola fineza da súa elaboración: non se basea ela nos recursos doados e choqueiros dos paos, a procacidade verbal e a escatoloxía conxuntados nuns movementos escénicos esquemáticos e repetitivos, senón na agudeza psicolóxica, na riqueza e o colorido verbal e mais na axilidade das réplicas e o movemento que lle confiren unha grande viveza e autenticidade. Trátase dunha verdadeira comedia de caracteres “moderna” como as que dous séculos despois escribirá Molière.

Patelín é un vello avogado que, se algún día foi moi procurado para defender preitos, hoxe morre de fame. Coñece ben a xente, sabe facer as beiras, adular e prometer para mellor enganar. Chegado o momento contará coa axuda da muller, que mostra máis medo que escrúpulos. O comerciante, un vendedor desconfiado que se deixa levar pola cobiza, acaba enganado cando pensaba que era el o que estafaba ao cliente. O soinamoina do pastor non é o pasmón que todos coidaban senón que as pillan voando e resulta ser o máis agudo. E o xuíz, un burócrata que nin entende nin se preocupa por entender, é un simple boneco que Patelín manexa a vontade.

A astucia e as mañas de Patelín –comparabeis ás do raposo da literatura oral e do *Roman de Renart*- fixo del un arquetipo literario definido. De aí a súa rápida popularidade: o verbo *pateliner* ‘enganar con boas falas’ incorporouse de inmediato á lingua francesa, as edicións da farsa multiplicáronse e apareceron as inevitabeis imitacións e derivacións. Resultan sintomáticas as repetidas alusións a

Patelín que fai Rabelais na súa obra, e é de igual xeito revelador que a frase *Revenons à nos moutons!* –tirada da delirante escena do tribunal, unha das máis logradas do teatro cómico – se incorporase axiña ao repertorio de expresións idiomáticas francesas co sentido de *Volvamos ao noso asunto!*

Diversos especialistas investigaron o posíbel baseamento histórico do conflito e a existencia dos personaxes desta farsa, establecendo hipóteses sobre persoas e eventos reais desa época. Pero hoxe en día –e mesmo poucas décadas despois de a peza ser escrita- esta cuestión non ten xa maior relevancia para o público. O que verdadeiramente importa é se a farsa chega coa mesma frescura ao espectador actual. E ben que chega!

Chega con toda a súa carga de pesimismo e a súa alerta contra o exceso de confianza nos outros. Chega coa súa visión crítica da Xustiza. E co pequeno consolo de que ao final o enganador pode resultar enganado, aínda que a vítima non se ve resarcida, porque o vencedor final é outro enganador. Claro que, se cadra, a presunta vítima non o era tanto, pois tamén roubaba como podía, e o enganador que vence ben merece aproveitarse dos que se aproveitaban del. Como vemos, por riba da farsa hai materia abondo para a reflexión. Nisto, tamén *Pathelin* é unha excepción.

A NOSA TRADUCIÓN

En 1983 publicamos no nº 34 dos *Cadernos da Escola Dramática Galega* a tradución da *Farce de Maître Pathelin* baixo o título de *A farsa do avogado*. Realizámola a partir do texto publicado por Albert Pauphilet na Bibliothèque de la Pléiade¹, que segue a edición crítica de Richard T. Holbrook. Esa tradución é basicamente a que presentamos aquí, aínda que a revisamos e fixemos nela algunhas modificacións, maiormente motivadas polas observacións de André Tissier na súa edición crítica de 1993².

Na tradución do texto facemos moi poucas supresións e modificacións que debemos explicar.

Quixemos facer unha tradución totalmente fiel, mais tamén fornecer un texto apto para representar hoxe en galego. E dado que na obra a localización xeográfica ten un valor absolutamente marxinal, pareceunos conveniente prescindir das escasísimas referencias deste tipo que figuran nela. Suprimimos, logo, a alusión ao pano de Bruxelas (cadro I), ao de Ruán e ao ancho de Bruxelas (cadro II), ao abade de Yverneaux e aos esforricados de Bayeux (cadro V), etc. Tamén suprimimos un par de alusións incomprensíbeis na actualidade como o pagamento

¹ Albert Pauphilet: *Jeux et sapience du Moyen Âge*. Paris. Bibliothèque de la Pléiade. NRF, Gallimard, 1960.

² André Tissier: *Recueil de Farces (1450-1550). Tome VII: Maître Pathelin*. Textes Littéraires Français. Genève, Droz, 1993.

do xogo de dados e da candeia que o alumeaba (cadroVII) ou a relación entre a cabeza pelada e a tolemia (cadro IX).

Canto ao nome dos personaxes, mantemos o de *Pedro Patelín* (nalgún dos primeiros manuscritos aparece a grafía *Patelin* e non *Pathelin*) e *Guillermine*, ambos restituídos en lugar de o *avogado* ou a *muller* que aparecían na tradución que dabamos nos *Cadernos*. Coidamos necesario subliñar a individualidade destes personaxes fronte ao anonimato e á xeneralización, máis propios doutras farsas. Maiormente cando *Patelín* é xa un arquetipo teatral. Pódese, en troques, prescindir perfectamente dos nomes *Joceaulme* e *Thibaut* que completan os do comerciante o o pastor. Abonda con *Xan* e *Cordeiriño*. En nota ao pé explicamos por que cambiamos o nome do comerciante, que pasa de ser un *Guillermine* a ser un *Xan*.

O que resulta imposíbel de adaptar en galego é o título de *Maître* que aínda hoxe conservan en Francia os avogados, xuristas e notarios. Por iso ás veces *Maître Pierre* será o señor *avogado* e outras simplemente o *avogado*.

Tamén en notas explicamos a nosa adaptación dos idiomas do “delirio” de *Patelín*. O noso obxectivo foi o de fornecerlle ao público galego unha referencia próxima, como tiña o público francés no orixinal.

É precisa, finalmente, unha referencia á cuestión dos pesos e medidas.

Resultaríalle difícil ao público galego de hoxe entender ben o sistema de moedas que aparece no orixinal. Traducilo literalmente ou trasladalo de xeito rigoroso complicaría a lectura e distorsionaría moito a representación teatral. Optamos, en consecuencia, por:

1º) Eliminar as alusións que hoxe son innecesarias e supoñen unha complicación (paridade entre *franc* e *escu*, ambivalencia da denominación *parisii*, válida a un tempo para *sou de Paris* e para *denier de Paris*, valor de *maille*, etc.).

2º) Establecer un sistema máis simplificado e próximo a nós baseándonos no *real* e no *peso*. Asignámoslle ao *real* a función do *denier* na expresión *denier de Dieu* (traducida como *real de Deus*) pero –procurando conservar a proporcionalidade orixinal- asignámoslle ao *peso* o valor económico do *denier*. Así, un *escu* (que equivalía a 24 *sous* ou 288 *deniers*) será na nosa tradución 300 *pesos*, e os fantásticos 80 *escus* dos que presume *Patelín*, sendo 23.040 *deniers* facémolos equivaler a 20.000 *pesos*. Nun e noutro caso redondeamos a cantidade por riba ou por baixo segundo criterios estilísticos.

Coidamos que o texto resultante, sen perder unha miga, gaña en proximidade para o público galego de hoxe.

CADRO I

Na casa de Patelín

PATELIN

A Virxe me valla! Por moito que eu apañe e recolla, non damos xuntado nada! E mais algún día si que fun avogado!

GUILLERMINA

Por María Santísima, que dis que é boa avogada, velaí o mesmo que eu estaba a pensar! Mais xa non te teñen nin pola cuarta parte de listo do que te tiñan antes. Algún día queríante levar todos para gañaren os casos e agora todos te chaman “picapreitos”.

PATELÍN

E non é por me gabar, pero non hai en terras deste xulgado home máis sabido ca min non sendo o alcalde.

GUILLERMINA

Tamén che leu no libro do Ciprianillo³ e botou anos para aprender de crego.

PATELÍN

Dime ti a quen non lle podo tirar con ben o seu preito se eu quero poñerme. E mais de humanidades nunca aprendín senón un pouquiño. Con todo, gábome de saber cantar e ler co noso crego tan ben coma se tivese eu botado na escola tanto tempo como Carlos Magno en España.

GUILLERMINA

E que gañamos con iso? Nin un pataco. Morremos de fame. A nosa roupa ten máis buracos ca unha peneira e non sabemos como facernos con outra nova. De que nos vale a túa ciencia?

PATELÍN

Cala, ho, que se quero poñer sentido, ben saberei eu onde atopar roupa e sombreiros! Se Deus quere, habemos saír desta e logo habemos volver estar ben. Diaño, Deus traballa en pouco tempo! Se é preciso que bote para adiante o meu oficio, non vai haber quen me iguale!

GUILLERMINA

E mais non, ho, por Santiago! A enganar ti es mestre, iso seguro!

PATELÍN

Polo Deus que me deu a vida, mestre en avogacía legal!

³ O orixinal emprega *grimoire* ‘grimorio’ ou ‘libro de maxia’, se cadra en deliberada confusión con *grammaire* ‘gramática’

GUILLERMINA

A fe que non! En enganos. Doume boa, pois que, de certo, sen teres estudos nin sentido común, pasas por un dos máis agudos da parroquia.

PATELÍN

Non hai quen coñeza coma min a arte de defender preitos.

GUILLERMINA

Deus me asista! A arte de enganar aos outros. Polo menos tes esa sona.

PATELÍN

Esa téñena os que andan vestidos con roupa fina presumindo de seren avogados sen selo. Mais abonda xa de parola. Quero ir á feira.

GUILLERMINA

Á feira?

PATELÍN

Pois claro, San Xoán me valla!

(Ponse a cantarolar)

*“Maruxa, se vas á feira, mira...”*⁴ Non che molesta que eu regatee unha peza de pano ou algunha cousiña que nos sirva para a casa, ou? Non temos roupa que poñer.

GUILLERMINA

E se non tes unha cadela...Que vas facer alá?

PATELÍN

Ti non sabes, miña prenda. Se cando volva non traio pano dabondo para nós os dous, chámame mentireiro. Que cor che gusta máis? Gris? Verde? Azul? Teño que o saber.

GUILLERMINA

A que poidas. O que leva fiado non escolle.

PATELÍN

(contando polos dedos)

Para ti dúas varas e media, e para min tres...ou mesmo catro, o que ven sendo...

GUILLERMINA

Contas ben polo alto, pero... quen demo chas vai dar fiadas?

⁴ O avogado cantarola, segundo a anotación escénica de Holbrook, *“A la foire gentille marchande...”* Para a tradución galega seméllanos axitada esa nosa cantiga popular.

PATELÍN

Que máis che ten? Hanmas fiar de certo. E para devolver no día do Xuízo, pois antes non ha ser.

GUILLERMINA

Daquela, adiante, meu amigo! O que che fíe vai aviado.

PATELÍN

Hei mercar gris ou verde e, para deixar claro con que cubrirme, tres cuartos ou unha vara de pano escuro.

GUILLERMINA

E mais, si, ho, Deus me valla! Vai! E bota un grolo se atopas a Xan Pagano!

PATELÍN

Coida ben de todo.

(Marcha)

GUILLERMINA

Meu Deus, que vendedor lle vai...? Deus queira que non se decate do choio!

CADRO II

Na tenda do comerciante.

PATELÍN

Non está? Estráñame ben. Si, por María Santísima, velaí o está, a se ocupar de panos! Deus o garde!

XAN, COMERCIANTE

Deus lle dea contento!

PATELÍN

Así Deus me axude como tiña eu ganas de velo a vostede! E logo esa saudíña? San e teso, non si, Xan⁵?

O COMERCIANTE

Grazas a Deus, si!

PATELÍN

Entón, veña esa man. Como lle vai?

O COMERCIANTE

Moi ben, sempre para o que queira mandar. E a vostede?

PATELÍN

Por San Pedro, coma quen está para servilo a vostede! Daquela todo marcha ben, ou?

O COMERCIANTE

Pois si, mais os comerciantes nunca fan como quixeran, pódemo crer.

PATELÍN

E logo a mercadoría? Pódese ir vivindo?

O COMERCIANTE

Deus me asista, señor avogado, non lle sei! Isto sempre lle é “Arre!”, “Adiante!”

PATELÍN

Ai, que home tan sabio era seu pai, que en paz estea! Virxe, bendita, paréceme mesmo que vostede é el! Exactíño! Que bo comerciante era! E que listo! Vostede seméllalle coma se fose o seu retrato. Abofé que si! Se algunha

⁵ O nome do comerciante é no orixinal *Guillaume*, que ten unha intención satírica xa que ser un *Guillaume* viña equivalendo a “ser un parvo, un miñaxoía”. Con esa alusión xoga o autor cando no cadro V lle fai dicir ao comerciante a propósito do avogado “*Et il tient les gens pour des Guillaume?*”. En galego é posíbel conservar o xogo da alusión se lle damos ao personaxe o nome de *Xan*.

vez Deus tivo piedade dunha das súas criaturas, de certo que ha ter perdoado a súa alma.

O COMERCIANTE

Amén, pola Súa Graza! E que o faga coa nosa cando El dispuxer!

PATELÍN

A fe que me predixo moitas veces e polo miúdo o tempo que vivimos. Moito me teño lembrado del! Por algo todos o tiñan por un dos bos.

O COMERCIANTE

Sente, meu señor. Non é sen tempo que llo diga, pero eu sonlle así de educado.

PATELÍN

Polo Corpo Preciosísimo, estou ben! Tiña el...

O COMERCIANTE

Sente, sente! De verdade!

PATELÍN

Con moito gusto.

(Séntase)

“Ai! –díciame el- Que de maravillas veredes!” Así Deus me salve se hai fillo que asemelle máis ao seu pai en orellas, nariz, boca e ollos! Vaia queixelo fendido! É vostede debuxadiño! Tería boa gana de liorta o que lle dixese á nai de vostede que non é fillo dese pai! Para contar a verdade: non podo entender como a Natureza, nas súa obras, formou dúas caras tan iguais, unha coa mesma mancha que a outra. O que! É coma se os cuspiran a vostedes dous contra a parede, do mesmo xeito e ao mesmo tempo! Non teñen diferenza ningunha. Pero, meu señor, a boa de Lourenza, a vosa fermosa tía: morreu xa?

O COMERCIANTE

Non, non, diaño!

PATELÍN

Que fermosa a vin! E alta. E tesa. E xeitosa. Pola preciosa Nai de Deus, vostede seméllalle no porte como feitos os dous de neve! Paréceme que non hai nesta terra familia con semellanza maior. Mais estou miran... Por Deus Pai!

(Sinalando un espello)

Mírese aí, mire a seu pai! Aseméllalle máis que unha gota de auga! Non teño dúbida ningunha. O que tal valía aquel mozo! E o bo do home, como fiaba sempre as cousas a quen llo pedía! Deus o perdoe, ría comigo de moi bo

gusto a toda hora! Quixera Cristo que o peor deste mundo lle asemellara! Non habíamos roubarnos nin enganarnos os uns aos outros como facemos!

(Érguese e toca unha peza de pano)

Que pano tan feito! É lixeiro, suave e bonito!

O COMERCIANTE

Mandeino facer así de encarga, coa la das miñas ovellas.

PATELÍN

Ah, moi ben goberna vostede a súa casa! Outramente non sería fillo de seu pai! O seu corpo non acouga nunca. Sempre a traballar!

O COMERCIANTE

E que lle quere! Hai que lle dar duro se se quer vivir! E cangar co choio.

PATELÍN

(tocando outra peza)

E este tecido de la tinguida? É forte coma o cordobán!

O COMERCIANTE

Élle un pano de primeira. É un tecido moi mesto, pódollo asegurar.

PATELÍN

Pois mire que me gusta de certo, hom. Porque non tiña intención de mercar pano cando saín da casa. Pola paixón de Noso Señor! Tiña apartados vinte mil pesos en ouro para devolver un préstamo, pero unha boa parte ha ser para vostede, xa o estou vendo, pois gústame tanto a cor, que me doe.

O COMERCIANTE

E vanlle aceptar que o resto o pague en moeda?

PATELÍN

Pois claro que si, se eu quero. A min tanto me ten pagar nunha cousa coma noutra.

(Toca unha terceira peza)

E este que pano é? Canto máis miro para el máis me fai tolear! Vaia, teño que facer un vestido con el! E outro miña muller!

O COMERCIANTE

Certo que o pano é caro coma a crema, mais hao ter vostede se o quere! E xa lle van alá dous ou tres mil pesos.

PATELÍN

Non me importa: custa e vale. Aínda teño eu cartos que non viron pai nin nai⁶.

O COMERCIANTE

Deus sexa louvado! Non me desgustarían nada, por San Pedro!

PATELÍN

Arrabeo polo pano este: teño que o levar.

O COMERCIANTE

Pois primeiro cómpreme saber a cantidade que quere. Todo canto pano teño está á súa disposición. E estaríao igual aínda que vostede non tivese un pataco.

PATELÍN

Seino ben, e agradézollo.

O COMERCIANTE

Quere deste azul clariño?

PATELÍN

Antes de nada: que me custará a primeira vara? Deus ha ser pagado o primeiro, como é xusto. Velaí vai un real⁷. Non fagamos cousa ningunha sen invocarmos a Deus.

O COMERCIANTE

Abofé que fala vostede coma un home bo, e iso gústame. Quere o meu último prezo?

PATELÍN

Veña.

O COMERCIANTE

Trescentos pesos a vara.

PATELÍN

Non tal! Trescentos pesos? María Santísima!

O COMERCIANTE

Pola miña alma que foi o que me valeu a min! Cómpreme outro tanto se vostede o quere!

⁶ O que o avogado está dicindo é que son cartos que non existen, pero o que o comerciante entende é que non son cartos herdados dos pais senón gañados.

⁷ Existía o costume de que, no momento de pechar un trato, o comprador dese unha moeda, *o real de Deus* (no orixinal *le denier de Dieu*) que o vendedor faría chegar á Igrexa para obras de caridade.

PATELÍN

Arredemo! É de máis!

O COMERCIANTE

Ai, vostede non sabe o que tal subiu o pano! Este inverno morreu o gando todo, co frío tan grande.

PATELÍN

A douscentos cincuenta! A douscentos cincuenta!

O COMERCIANTE

Pois eu xúrolle que hei ter o que pido! Agarde senón a sábado⁸ e xa verá a como vai o prezo da la, que tento abundaba sempre! Pola Madalena custoume a oito o que antes levaba a catro.

PATELÍN

Polo sangue de Cristo, non discuto máis! Pois que é así, merco. Veña, mida.

O COMERCIANTE

Moi ben: canto precisa?

PATELÍN

Tres varas para min, e para ela...ela é grande...dúas e media, que veñen sendo seis varas, non si? E mais non, que parvo!

O COMERCIANTE

Non falta máis ca media vara para facer as seis xustas.

PATELÍN

Levarei logo as seis, para redondear. Tamén preciso facerme un pucho.

O COMERCIANTE

Colla alá, que imos medir. Hai dabondo.

(Miden xuntos)

Unha, dúas, tres, catro, cinco e seis.

PATELÍN

Por San Pedro, van ben xustiñas!

O COMERCIANTE

Quere que volva medir?

PATELÍN

Non, ho, non. Tanto pode ir un pouco de menos como de máis. A como sae todo?

⁸ Era o día en que se adoitaba facer a feira.

O COMERCIANTE

Ímolo saber agora: a trescentos pesos a vara, as seis fan...mil oitocentos.

PATELÍN

Entón, meu señor, vaimas fiar un momentíño ata que vostede pase pola miña casa.

(O comerciante regaña o fociño)

Boh, fiar non, ho! Cólleos vostede de aquí a pouquiño na miña porta! E se quere que lle pague en ouro tamén o fago!

O COMERCIANTE

A Virxe me valla, teño que dar moita volta para pasar por alá!

PATELÍN

Polo señor San Xil, dende que dicía palabra de evanxeo, nunca a súa boca outra verdade dixo! Élle ben certo: ten que dar moita volta. Iso é: por vostede non daría atopado nunca ocasión para vir beber á miña casa, non? Pois desta ha vir beber!

O COMERCIANTE

Por Santiago, pero se non fago outra cousa máis ca beber! Hei ir, ho, pero xa se sabe que ameiga, estrearse fiando.

PATELÍN

Abóndalle se eu me estreo pagándolle en ouro? E mais así tamén ha vir comer, parrulo⁹, por Deus, que miña muller estao cocendo agora.

O COMERCIANTE

(á parte)

Este home toléame de certo!

(A Patelín)

Vaia indo, veña, que xa vou eu logo e llo levo.

PATELÍN

Nada diso! Como me vai estorbar! Nin chisca! Lévoa debaixo do brazo!

⁹ A invitación do avogado a comer parrulo semella ter dobre sentido pois a expresión orixinal *manger de l'oye* tamén tiña o sentido de “enganar”. Por iso nós poñemos unha coma na frase, que queda así ambigua, podendo ter un significado literal nunha construción alterada pola aposición, ou unha interpretación irónica: “ha levar unha boa, vostede que é un parrulo”.

O COMERCIANTE

Non se moleste: Vale máis que llo leve eu, pola aquela da honradez.

PATELÍN

Santa Madalena me envíe unha desgraza se lle boto a vostede esa carga! Dixen ben: debaixo do brazo!

(Pon o pano debaixo do vestido)

Hame facer unha bonita chepa. Mira que ben vai! Habemos comer e beber a pracer na miña casa, antes de que vostede marche.

O COMERCIANTE

Rógolle que me dea o meu diñeiro ao que eu chegue.

PATELÍN

Darei, ho. Ou mellor, non, por Deus! Non llo darei ata que vostede teña comido a fartar. Gustaríame non ter nunca enriba con que pagarlle. Polo menós, así viríame probar o viño. O defunto de seu pai, ao pasar, sempre me dicía: “Ei, compadre!” ou “Que é o que dis?” ou “Que é o que fas?” Mais vostedes, os ricos, non lles teñen estima aos pobres.

O COMERCIANTE

Polo sangue de Cristo, nós aínda somos máis pobres!

PATELÍN

Si, ho! Adeus, logo! Adeus! Verémonos ao dereitiño onde dixemos. E habemos beber ben, ho! Pódome gabar diso!

O COMERCIANTE

De acordo. Vaia indo. E non lle esqueza pagarme en ouro!

PATELÍN

(Á parte)

Ouro? Vaites, ho! Ouro! Demontre, eu nunca lle fallei, non! Ouro! Que o aforquen! Porque, diaño, xa que non mo vendeu no meu prezo e foi no seu, heille pagar no meu! Quere ouro? Pois ha levar! Deus quixera que non parase el de correr ata o final do pagamento! San Xoán me valla, había facer el máis camiño que de aquí a Pamplona!

(Marcha)

O COMERCIANTE

(Só)

Non han ver sol nin lúa en todo o ano os cartos que me dea, non sendo que mos rouben. Non hai bo comprador que non dea con mellor vendedor. Ese loubán non é máis ca un pimpín que levou a trescentos pesos a vara cando é un pano que nin os douscentos vale.

CADRO III

Na casa de Patelín

PATELÍN

Teño ou non teño?

GUILLERMINA

O que?

PATELÍN

Que foi da túa vella basquiña?

GUILLERMINA

Necesitas que o diga? E que lle queres!

PATELÍN

Nada, nada! Teño ou non teño? Díciache cousa certa.

(Descobre o pano)

É este o pano?

GUILLERMINA

Virxe Santísima! Que o demo me leve se non ven dalgunha falcatruada! Meu Deus! De onde nos ven o conto este? Ai, ai, ai! Quen o vai pagar?

PATELÍN

Preguntas quen? Xa está pago, por San Xoán! O comerciante que mo vendeu non che está tolo, miña irmá! Que me aforquen se non che queda branco coma un saco de xeso! O ruín do monicaco ese pode apertar o cinto!

GUILLERMINA

Que custa, logo?

PATELÍN

Non debo nada. Está pago. Non che preocupe.

GUILLERMINA

Se non levabas diñeiro: como pagaches? Con que cartos?

PATELÍN

E mais levaba, miña señora, polo sangue divino! Levaba un real.

GUILLERMINA

Éche boa! Unha obriga ou un recibo é o que fixo o choio! Foi dese xeito que o tiraches, e cando pase o día sinalado han vir e hannos levar todo o que temos.

PATELÍN

Polo sangue de Cristo, todo o que traio non me custou máis ca un real!

GUILLERMINA

María bendita! Nada máis ca un real? Imposíbel!

PATELÍN

Pódesme arrincar este ollo se levou ou ha levar máis algo. E xa pode cantar todo o que queira!

GUILLERMINA

E quen ven sendo el?

PATELÍN

Pois é un que lle chaman Xan, xa que queres sabelo.

GUILLERMINA

E o xeito de o teres por un real? Como lla xogaches?

PATELÍN

Foi polo real de Deus, ao facer o trato. E aínda, se eu aí lle dixese: “Hai que mollalo!”, con iso xa aforraba o meu real¹⁰. O que é forte, ara ben. Deus e máis el han repartir ese real se lles peta, pois de min non han levar máis nada, así canten, berren ou parolen.

GUILLERMINA

E, como é que che fiou, el que é tan pouco amigo?

PATELÍN

Por Santa María fermosa, pinteille tan boas armas e brasóns que case mo deu de regalo! Dícialle que o defunto de seu pai valera moito. ¡Meu irmán – díxenlle- que familia tan boa a súa!. É vostede –díxenlle- da casa máis grande de por aquí”. E poño a Deus por testemuña se non ven da canalla máis ruín de todo este reino. “Amigo Xan –púxenme eu- moito lle asemella na cara e en todo ao bo de seu pai”. Deus sabe o que tal o rustrín de gabanzas e o enchín de cumprimentos falando dos seus panos. “E logo –díxenlle eu- A Virxe me valla! Que humildiño! Como fiaba as cousas con tanto agarimo! É vostede – díxenlle- cuspidiño a el!”. E, por iso, teríanlles arrincado os dentes todos ao babeco do pai e mais ao macaco do fillo antes de que prestasen cousa

¹⁰ Podíase pechar o trato botando un grolo, que corría a conta do vendedor (por iso o comerciante di no cadro II “ *Pero non fago máis ca beber!*” O avogado prefire pechar o trato co *real de Deus*, perdendo ese real para mellor gañar a confianza do comerciante.

ningunha nin que dicesen unha palabra amábel! Pero tanto falei e chiei, que ao final deixoume as seis varas.

GUILLERMINA

De certo? Para non llas volver?

PATELÍN

Así o hai que entender. Volver, volverémoslle o diaño!

GUILLERMINA

Iso acórdame o conto do corvo que estaba sentado riba dunha cruz de dez metros de alto e tiña un queixo no peteiro. Veu un raposo, viu o queixo e pensou: “Como me farei con el?” Entón púxose por baixo do corpo e díxolle: “Que corpo máis garrido tes e con que dozura cantas!”. O corvo, coa súa parvura, oíndo gabar así o seu canto, abriu o peteiro para cantar. Cai o queixo e o señor raposo vai e trábavolo ben trabado e lévao. É tamén a mesma cousa, polo que eu vexo, con este pano: ti chapáchesllo con moita panxoliña e pilláchesllo con boas falas como fixo o raposo co queixo. Collíchesllo con carantoñas.

PATELÍN

Ha vir comer parrulo, mais velaí o que imos facer: estou seguro de que ha vir berrar para ter os cartos axiña. Xa eu pensei nun bo amaño: deitareime no meu leito coma quen está enfermo e, cando veña, haslle dicir: “Ei, fale baixiño!” e vas laiar poñendo cara triste. “¡Ai! –vas seguir- leva xa enfermo dous meses” ou “seis semanas”. E se che di: “Que argalladas son esas? Se acaba de estar comigo agora mesmiño!” poñerástelle: “Ai, non lle é momento de vir con lérias!”. E déixame a min tocar a gaita, que outra cousa non ha levar.

GUILLERMINA

Abofé que hei facer ben o arremedo, mais se a xustiza te volve pillar, sospeito que desta vez has levar o dobre do que a outra!

PATELÍN

Está calada, que eu ben sei o que fago! Hai que facer como eu digo!

GUILLERMINA

Polo amor de Deus, lémbtrate do sábado en que te puxeron na picota! Ben sabes que todo o mundo che veu berrar polas túas trampulladas!

PATELÍN

Déixate de baduar, vai vir e non temos conta do tempo! Temos que quedar co pano ese. Voume deitar.

GUILLERMINA

Veña logo.

PATELÍN

E que non se che ocorra rir!

GUILLERMINA

Nada, ho, hei chorar a fío!

PATELÍN

Temos que ser firmes se non queremos que se decate do choio.

CADRO IV

Na tenda do vendedor de panos

O COMERCIANTE

Paréceme que xa é tempo de beber un grolo e marchar. Ai, non! Teño que ir beber e comer parrulo na casa do avogado e alá hei cobrar os meus cartiños. Polo menos vou darme unha encherola sen pagar nin cadelas! Voume, que xa non dou vendido máis nada.

(Chega diante da casa de Patelín)

CADRO V

Diante, e despois dentro da casa de Patelín.

O COMERCIANTE

Ei, señor avogado!

GUILLERMINA

(entreabrindo a porta)

Ai, meu señor, por Deus, se quere algo fale máis baixo!

O COMERCIANTE

Deus a garde, miña señora.

GUILLERMINA

Ei, máis baixo!

O COMERCIANTE

O que?

GUILLERMINA

Pola miña alma que...!

O COMERCIANTE

Onde está el?

GUILLERMINA

O pobre! Onde ha estar!

O COMERCIANTE

O... Quen?

GUILLERMINA

Ai, non dixeran ben, meu señor! Onde está? Ben quixera eu que Deus nolo dixeran! Segue no mesmo sitio, o pobriño mártir. Once semanas sen rebulir.

O COMERCIANTE

De quen...?

GUILLERMINA

Perdón, non me atrevo a falar alto. Coido que está a descansar. Adurmiñouse un pouco. Ai, estalle tan abatidiño, o pobre del!

O COMERCIANTE

Quen?

GUILLERMINA

O avogado.

O COMERCIANTE

O que? E logo non me veu coller seis varas de pano hai un pouquiño?

GUILLERMINA

Quen? El?

O COMERCIANTE

Acaba de vir. Inda non hai dez minutos. Mais...Diaño, solte xa, que me estou demorando moito! Veña, sen máis músicas, os meus cartos!

GUILLERMINA

El, non me veña con lérias, que non lle é momento!

O COMERCIANTE

Pois iso, os meus cartos! Vostede tolea ou como é? Pertéceme mil oitocentos pesos.

GUILLERMINA

Oíu, Xan, isto non lle é un manicomio! Chúfase de min? Váialles con esas chafalladas aos pasmóns da súa caste, que é con quen lle gustaría a vostede xogar!

O COMERCIANTE

Que o demo me leve se non marcho cos meus cartos!

GUILLERMINA

Ai, meu señor, os mais non lle temos tanta gana de contos nin de parola coma vostede!

O COMERCIANTE

Escoite: déixeseme de enredos e chámeme por favor ao avogado.

GUILLERMINA

Mal raio que o parta! Imos estar así todo o día, ou?

O COMERCIANTE

Pero é ou non é esta a casa do avogado Patelín?

GUILLERMINA

Si, hom, pero oxalá tolee, vostede!(Eu non, meigas fóra!) Fale baixo!

O COMERCIANTE

Arredemo, seica non podo preguntalo, logo?

GUILLERMINA

Deus me asista, baixo, se non quere que esperte!

O COMERCIANTE

Como de baixo? Quere que lle fale na orella? Ou no fondo do pozo? Ou da bodega?

GUILLERMINA

Ai, Deus, que lingoreteiro! O seu xeito é berrar sempre!

O COMERCIANTE

Arrediaño! Agora me decato, se vostede quere que fale baixo...Pero, oíu, é que a min non me aprenderon para estas discusións. O certo é que o avogado colleu seis varas de pano hoxe.

GUILLERMINA

(subindo a voz)

Pero que é iso? Todo o día así? Que o demo me leve! Vamos! O que? Coller? Ai, meu señor, oxalá aforcasen aos que menten! Está o pobriño tan mal que non saíu da cama dende hai once semanas. E venme vostede con argalladas! Non lle é cousa de vir con iso agora! Váiseme marchar da miña casa, pola paixón de Cristo! Ai, coitada de min!

O COMERCIANTE

Diciame que falase baixo e agora, o que tal berra vostede!

GUILLERMINA

(baixo)

É vostede, pola miña alma, que non fai máis ca armar liorta!

O COMERCIANTE

Escoite, para que marche ao dereito, déame...

GUILLERMINA

(esquecendo de novo e berrando)

Vai falar baixo, ou como é?

O COMERCIANTE

Pero se é vostede mesma quen o vai espertar! Polos cravos de Cristo, fala catro veces máis alto ca min! Dígolle que me solte xa...!

GUILLERMINA

Que é iso? Seica está bébedo ou fáltalle o siso? Deus pais noso!

O COMERCIANTE

Bébedo? Esa si que é boa! Que San Pedro lla teña en conta!

GUILLERMINA

Ai, ai, ai, máis baixo!

O COMERCIANTE

Polas seis varas de pano –que a San Xurxo lle praza- sonlle, señora...

GUILLERMINA

Si, ho, estanllo a fabricar! E a quen llo deu vostede?

O COMERCIANTE

A el mesmiño

GUILLERMINA

El tenllo ben lonxe, o pano! Ai, que desgraza! Non se dá movido. Non vai vestir el xa roupa ningunha. Non precisa outro pano non sendo o branco. Non ha marchar de onde está se non é cos pés para diante!

O COMERCIANTE

Será desde que o día abriu, porque abofé que eu lle falei.

GUILLERMINA

(Con voz aguda)

Ten vostede a voz tan alta! Fale baixo, por caridade!

O COMERCIANTE

Maldita! Ve como é vostede? Polo sangue de Cristo, este si que é un mal paso! Se me pagase marchaba ao dereitiño.

(Á parte)

Deus me valla. Sempre que fiei tenme pasado o mesmo!

PATELÍN

(deitado)

Guillermína! Un pouco de auga de rosa! Érgueme e ponme un cabezal debaixo do lombo! Carafío, a quen lle falo! A xerra! De beber! Dáme fregas nos pés!

O COMERCIANTE

Estouno oíndo.

GUILLERMINA

E mais si.

PATELÍN

Ai condenada, ven para aquí! Mandeiche abrir as fiestras? Venme arroupar! Bota para fóra esa xente moura!¹¹Marmará, carimarí, carimará! Tráemos! Trae!

GUILLERMINA

O que? Moito reboles! Seica perdiches o siso?

PATELÍN

Non ves o que sinto?

(Axítase)

Velaí vai voando un frade negro! Agárrao e ponlle unha estola! Pilla ese gato! Píllao! Como sobe!

GUILLERMINA

O que! Non tes vergoña? E, por Deus, xa remexiches dabondo!

PATELÍN

(volvendo caír esgotado)

Estes médicos matáronme coas mesturas que me fixeron beber. E mais ten un que crer neles. Traballan en nós como se fósamos de cera.

GUILLERMINA

(ao comerciante)

Ai, ai, veña velo, meu señor! Estalle tan maliño!

O COMERCIANTE

(entra)

Está enfermo a conciencia? Pois será des que volveu da feira.

GUILLERMINA

Da feira?

O COMERCIANTE

Pois si, por San Xoán, ben coido que estivo nela!

(A Patelín)

Cómprenme os cartos que lle fiei, señor avogado!

PATELÍN

(finxindo que toma ao comerciante por un médico)

Ai, doutor, boteille dúas cagadiñas máis duras ca a pedra! Negras e redondas coma dúas boliñas! E poñerei outra lavativa?

¹¹ Patelín finxe ver, no seu delirio, xente moura (demos), un frade negro (un bruxo) e un gato (animal diabólico). Por iso emprega un presunto exorcismo (“Marmará...”) e pide que escorrenten o demo cunha estola.

O COMERCIANTE

Eu que sei! A min que me di? Eu quero os meus mil oitocentos pesos

PATELÍN

A estes tres anacos negros e puntiagudos chámalle vostede pílulas? Derramáronme as queixadas todas! Por Deus, non me faga tomar máis ningunha, doutor! Ah, non lle hai cousa máis agre! Fixéronme devolver todo!

O COMERCIANTE

Non fixeron, non! Pola alma de meu pai, que os meus mil oitocentos pesos non mos devolveu!

GUILLERMINA

Oxalá aforquen a xente tan cismona! Váiseme ir, por todos os demos, xa que por Deus non pode ser!

O COMERCIANTE

Polo Deus que me fixo nacer, habemos ver se eu non teño o meu pano ou os mil oitocentos pesos antes de rematar!

PATELÍN

E a miña urina: anúncialle que vou morrer? Ai, ai, por Deus, por moito que dure este mal paso, non quero deixar este mundo!

GUILLERMINA

(ao comerciante)

Marche xa! Non ve o mal que lle fai rompéndolle a cabeza?

O COMERCIANTE

Que Noso Señor se enfade! Dígame, logo: Parécelle ben que eu perda seis varas de pano?

PATELÍN

Se dese aclarado a miña merda, doutor...estalle tan, tan dura, que non sei como aínda duro eu cando vai saíndo do fondo.

O COMERCIANTE

Quero os meus cartiños, que pola axuda de San Pedro de Roma...!

GUILLERMINA

(ao comerciante)

Ai, moito atormenta a este home! Como pode vostede ser tan árdigo? Ben ve que el coida que vostede é médico. Ai, o pobre cristián ten má sorte abondo! Once semanas seguidas, que leva aí o pobriño!

O COMERCIANTE

Polo sangue de Cristo, non sei como lle veu esa desgraza, pois no día de hoxe veu onda min e fixemos trato xuntos! Polo menos paréceme iso. Ou xa non sei como é!

GUILLERMINA

A Virxe me valla, meu homiño, fállalle a memoria! Fágame caso, vaia sen máis descansar un pouco. Moita xente podería dar en falar que vostede ven por aquí por min. Marche, que os médicos han chegar decontadiño!

O COMERCIANTE

Non me preocupa que pensen mal, pois eu non penso niso.

(Á parte)

Deus que me fixo! Cheguei a este punto?

(Á muller)

Pola Santa Face, eu coidaba que...!

GUILLERMINA

Outra volta?

O COMERCIANTE

E non ten un parrulo cociñándose no lume?

GUILLERMINA

Érache boa! Ai, non, meu señor, esa non lle é comida para enfermos! Coma vostede os seus parrulos sen nos vir facer macacadas a nós! A fe que é ben arrichado, ho!

O COMERCIANTE

Rógolle que non se anoxe, pois de certo que eu coidaba que...

GUILLERMINA

Outra?

O COMERCIANTE

Polo Santo Sacramento! Adeus!

(Á parte)

Arredemo, vouno saber agora! Ben sei que teño seis varas de pano nunha peza, mais a muller esta faime cachizas o entendemento todo... Levounas de certo!... Non, demontre, non levou! Iso non casa: vin a Morte que o viña pinchar... ou el está a arremedar... E mais si que as levou! Colleunas a

feito e púxoas debaixo do brazo... Pola Virxe fermosa, non as levou!... Xa non sei se non estarei a soñar!... Mais na miña vida deixei, nin durmindo nin esperto, que ninguén me levase do meu pano por moito ben que me tivese feito. Non, nunca as eu daría fiadas!... Levou tal, polo sangue de Cristo... Non, non levou, pola paixón de Noso Señor! Seguro que non as levou!... Mais que é o que digo! Levou tal, polo sangue da Virxe bendita!... O demo me leve se sei quen dos dous conta a verdade, se eles ou eu! Non vexo miga!

(Sae)

PATELÍN
(baixiño)

Foise?

GUILLERMINA

Cala. Estou a oír un non sei que que vai rosmando. Marcha fungando tanto que mesmo parece que soña.

PATELÍN

Non é tempo de me erguer xa? Que xustiño chegou!

GUILLERMINA

Non sei se non che volverá aínda.

(Patelín quérease erguer)

Non, demontre, non reboas aínda! Viríase todo abaixo se te atopase a pé

PATELÍN

Por San Xurxo, que boiño se volveu, el que é tan descrido! A esta hora acáille el mellor a un mosteiro do que lle podería caír un crucifixo!

GUILLERMINA

Recoiro! Nunca en pote tan negro e tan feo caiu mellor lardo enriba dos chicharos! Arredemo, el que nunca daba nada no domingo¹²!

(Ri)

PATELÍN

Por Deus, non rías! Se volvese poderíanos facer ben mal! E teño para min que ha volver!

GUILLERMINA

Xúroche que aguantará sen rir quen queira, pero o que son eu non dou aguantado!

¹² Enténdese: “na misa”.

O COMERCIANTE

Polo santo sol que raiola no ceo, vou volver á casa dese avogado de auga doce! Por moito que roñen! Ai, Deus, que bo pagador de préstamos que lles fixeran aos seus parentes e parentas! E mais San Pedro me asista como ten el o meu pano, o moi trampón e enganador! Deillo aquí mesmo, neste lugar!

GUILLERMINA

Cando me acorda a cara que puña ao te mirar, dáme a risa! Con que pulo reclamaba!

PATELÍN

Cala, ridora! Arrenego! (Nunca tal faga!) Se te chega a oír non nos quedaría senón fuxir, de tan salvaxe como é!

O COMERCIANTE

(na rúa)

Este avogaducho que non sabe máis ca tres leccións e tres salmos coida que os outros son uns Xans! Ben merece que o aforquen! Arrenego, ten o meu pano e estivo a me facer todo un xogo!

(Volve para a casa de Patelín)

Ei, señora! Para onde escapou?

GUILLERMINA

(baixiño)

Xúroche que me oíu! Semella estar enrabiado!

PATELÍN

(baixiño)

Farei coma quen delira. Vai alá.

GUILLERMINA

(abrindo)

Moito berra!

O COMERCIANTE

Alabado! Está a rir! Veña, os meus cartos!

GUILLERMINA

María Santísima! De que coida que río? Non hai outra máis triste ca min na festa! El váiseme! Nunca tal treboada nin tal frenesí terá oído vostede! Aínda está a delirar: soña, canta, baralla e chafulla linguas e mais linguas! Non vai durar nin media hora máis! Por esta miña almiña río e choro a un tempo!

O COMERCIANTE

Eu non lle sei que rir nin que chorar é: o que quero é que me pague.

GUILLERMINA

O que? Desvaría? Volve outra vez coa súa leria?

O COMERCIANTE

Non vin que me servisen con esas palabras cando vendín o meu pano!
Ou é que me quere facer tomar o cú polas témporas?

PATELÍN

(delirando)

Arriba, veña! A raíña das guitarras, achegádema axiña! Xa sei que pariu
vintecatros guitarriños. Teño que ser eu o padriño!

GUILLERMINA

Ai, compañeiríño, pensa en Deus pai e non en guitarras!

O COMERCIANTE

Ei! Con que andrómenas me veñen agora? Páguenme no intre, en ouro
ou en cartos, o pano que me levaron!

GUILLERMINA

Que demo! Xa se enganou unha vez. Non lle é abondo?

O COMERCIANTE

Sabe o que pasa, miña señora?... (Deus me asista, non vexo en que me
enganei!)...Mais o que, ho, son os cartos ou a forza!...Que mal lles fago eu con
vir aquí pedir o que é meu? Queira San Pedro de Roma que...!

GUILLERMINA

Ai, ai, moito atormenta a este home! Ben lle noto na cara que vostede
non está no seu siso! Malpocada de min, se tivese axuda habíao de atar! Está
vostede toliño de a feito!

O COMERCIANTE

Arrabeo porque non teño o meu diñeiro!

GUILLERMINA

Ah, que parvada! Persígnese! Alabado! Faga o sinal da cruz!

O COMERCIANTE

O demo me leve se dou fiado no ano todo!

(Patelín axítase)

Que enfermo está!

PATELÍN

Mare de Déu coronada, jo vull per fe, m'en anar¹³. Arrenec! Ultra el mar!
Pels cravos de Cristo! Non digo miqueta!

(Amostrando o comerciante)

Aquest fa bruit i no dá res! No carrillonis I marxa aviat! I no me sonis els cartos!

(Ao comerciante)

Entendeume, meu curmán?

GUILLERMINA

Tiña un tío catalán. Un irmán da muller de seu tío. Ha ser por iso polo que chapurrea o catalán.

O COMERCIANTE

Que diaño, veuse ás agachadas con todo o meu pano debaixo do brazo!

PATELÍN

(A Guillermina)

Veña acá doce dama. Que é o que quer esta sapallada? Fóra! Atrás, monte de merda!

(Envólvese na súa manta)

Veña, aína! Quiérome facer cura! I que el diablu pueda estar en esta viella casa rectoral! I tien el cura que rir cuando debería estar a cantar misa!

GUILLERMINA

Ai, ai, ai! Estalle chegando a hora do último sacramento!

O COMERCIANTE

Mais: como fala asturiano? De onde lle ven esa fachenda?

GUILLERMINA

Súa nai era asturiana, por iso el fala agora así.

¹³ Comeza aquí o “delirio lingüístico” de Patelín. No orixinal chapurrea distintas linguas e dialectos (occitano, picardo, flamengo, normando, bretón, lorenés e latín macarrónico) que nós substituímos por catalán, asturiano, flamengo, portugués, éuscaro, leonés e latín macarrónico. O motivo de deixarmos tal cal o texto en pretendido flamengo é a súa función de incomprensibilidade e mais o non estar sinalada no diálogo entre os personaxes a filiación lingüística dese anaco. Só daremos a tradución do texto basco e latino, pois os outros son transparentes.

PATELÍN

(ao comerciante)

De onde ves, choqueiro de entroido? Vuacarme, liefe gode man; etbelic beq igluhe golan; Henrién, Henrién, conselapén; ych salgneb nede que maignén; grille, grille, scohehonden; zilop, zilop en mon que bouden; disticien unen den versén; mat groet festal ou truit denhersen; en vuacte vuile comme trié. Cha, a beber, veña! Quoy act semigot yaue, con unha chisca de auga, vuste vuile, polo orballo, e chamade axiña o crego para me confesar.

O COMERCIANTE

Que quere dicir iso? Non vai deixar de falar en distintas linguas? Eu iríame, se me desen polo menos unha prenda, ou os meus cartos.

GUILLERMINA

Pola paixón de Cristo, coitada de min! É vostede un home ben estraño. Que é o quere? Non sei como é tan testudo!

PATELÍN

Do diabo! Os meus colhões são peludos. Semelham lagartas ou abelhas de mel. Olhe para mim.

(Axítase)

Que coisa ataca o meu cu? É uma vaca? Uma mosca? Um caracol?

O COMERCIANTE

Non sei como pode dar falado tanto!

(Patelín axítase)

Ah, tolea!

GUILLERMINA

O que lle aprendeu na escola era de familia que viña de Portugal, así é que ao final acórdalle.

(Patelín dá boqueadas)

Vaise!

O COMERCIANTE

Ai, María Santísima, é o soño máis grande no que fun caír nunca! Endexamáis tería dúbida ningunha de que o vira hoxe na feira!

GUILLERMINA

Cría tal cousa?

O COMERCIANTE

A fe que si, por Santiago, mais boa conta me dou do contrario!

PATELÍN

(fai coma quen escoita)

E un burro o que ornea?

(Ao comerciante)

Que marche logo, que marche! Meu curmán, eles han estar ben preocupados o día en que eu non te volva ver. Téñote que odiar pois fixéchesme unha boa trampullada. Non fas máis ca enganos.

(Delirando)

Gizon da emakume batzuek egon-gelan exerita daude¹⁴.

GUILLERMINA

Deus te valla!

PATELÍN

Arin ibilli zaite, berandu da-ta. Mendietako zugaitzak aundiak dira. Astelena, asteartea, asteazkena, osteguna, ostirala, larunbata, igandea. Txori txikia, aberi txikia. Aita ikusi det; ama ez det ikusi. Etxeteako ateak zurezkoaz dira.

O COMERCIANTE

(a Guillermina)

Ai, por Deus, escóiteme iso! Vaise! Como chouquelea! Pero que demo é o que chafulla? Virxe Santa, como gurgulla! Polo corpo de Cristo, borboriña tanto as palabras que non se lle entende nada! Non fala en cristián nin en lingua ningunha!

GUILLERMINA

É que a nai de seu pai era basca. Está morrendo. Iso demostranos que precisa os derradeiros sacramentos.

PATELÍN

(ao comerciante)

Mintes, perbobu. Deus te dea malas nueches. Non vales nin unha estera. Vaite de aí, parvín. Ven beber e dame un grau de pera. Faste o llistu, eh? Ya verás tu como eu lo bebu. Llos aldeanos sempre tan bobus. Et bona dies sit vobis, magister amantissime, pater reverendissime. Quomodo brulis? Que nova? Parisius non sunt ova; quid petit ille mercator? Dicat sibi quod

¹⁴ Os dous textos bretóns son unha longa maldición. Nós acudimos a unha serie de frases inconexas en euskera (*"Varios homes e mulleres están sentados na sala de espera. Anda axiña, porque é tarde. As árbores dos montes son grandes. Luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado, domingo. Paxaro pequeno, canto pequeno. Vin ao pai, á nai non a vin. As portas da casa son de madeira"*) pois o importante do anaco –bretón ou euskera– é dar pé á réplica *"Non fala en cristián nin en lingua ningunha!"*.

trufator, ille quid in lecto jacet, vult ei dare, si placet, de oca ad comedendum. Si sit bona ad edendum, pete tibi sine mora¹⁵.

GUILLERMINA

Inda ha morrer falando. Como bota escuma! Non ve o que tal estima o divino? A súa vida váiselle e eu vou quedar pobre e coitada!

O COMERCIANTE

(á parte)

Sería ben que eu marchase antes de que el dera o paso..

(A Guillermina)

Igual á hora de morrer quere dicirle a vostede algún segredo, se é que o ten, e se eu estou non pode. Tenme que perdoar, pois xúrolle por esta miña alma que eu coidaba que el tiña o pano. Adeus, miña señora, pídlle perdón por Deus.

GUILLERMINA

(levándoo á porta)

Que este día sexa bendito para vostede e mais esta pobre doída!

O COMERCIANTE

(á parte)

Por Santa María fermosa, nunca tan pasmado estiven, que eu acorde! O demo, por en vez del, colleu o pano para me tentar. Alabado! Que nunca dea atentado contra min! E, pois que é así, douno por Deus a quen o colleu.

(Marcha)

PATELÍN

(baixando da cama nun brinco)

Adiante!

(A Guillermina)

Aprendinche ben como se fai? Velaí vai o bo do Xan! Cantas pequenas conclusións non leva na súa cachola! Moitas visións vai ter esta noite cando estea deitado!

GUILLERMINA

Como se deixou pillar! Fixen ben o meu deber, non si?

¹⁵ Latín macarrónico no que o avogado se mete co comerciante: “*Que teña un bo día, mestre amantísimo, padre reverendísimo. Como ardes? Que hai de novo? En París non están os ovos. Que pide ese comerciante? Que se diga a si mesmo que o pillo ese que está deitado no leito quere darlle, se lle peta, parrulo para comer. Se está bo para comer, pide sen demora*”.

PATELÍN

Polo corpo de Cristo, a fe que foi un traballo ben bo! Cando menos procurámonos pano dabondo para nos vestir.

CADRO VI

Na tenda do comerciante

O COMERCIANTE

Arredemo, todos me enchen de mentiras, todos me levan o que eu teño e pillan o que poden! Son o rei dos malpocados: mesmo os pastores me fan falcatuadas! Agora o meu, e iso que eu non lle fixen máis ca ben, burlouse de min como dun pasmón. Pois, vállame a Virxe coroada, ha vir baixarse aos meus pés!

CORDEIRIÑO, PASTOR

Deus lle dea un día bendito e mais un bo serán, meu amo!

O COMERCIANTE

Ah! Estás aí, golfo merdento? Que criado tan bo es! Pero bo non sei para o que!

O PASTOR

Vostede desculpe, meu amo, que non quero molestalo, mais un deses alguacís que andan por aí véuseme todo excitado e díxome...Ai, xa non me acorda ben o que!... Faloume de vostede, meu amo, e de non sei que citación... O que son eu, que María Santísima me asista! Non entendo nin pouco nin moito!...Mesturoume todo revolto “ovellas” con “debendo comparecer”... E díxome, meu amo, que vostede erguera o puño para pelexar contra miña.

O COMERCIANTE

Así Deus bote a correr sobre de min o diluvio e a tempestade se é que non te dou collido polo fociño e levado agora mesmo de diante do xuíz! A fe que non me has volver matar animal ningún! Hache lembrar! Hasme volver dun xeito ou doutro as seis varas...ou digo, o prezo dos meus animais e o dano que me fixeches dende hai dez anos!

O PASTOR

Non lles crea ás más linguas, meu amo. Pola miña almiña que...!

O COMERCIANTE

E, pola Señora á que se lle reza, que me has volver sábado as miñas seis varas de pano...digo, o que tiraches dos meus animais!

O PASTOR

Que pano? Ai, meu señor, coido que vostede está encarraxado por outra cousa! Por San Antoniño¹⁶, meu amo, non son quen de dar fala ningunha ao para vostede!

¹⁶ Substituímos o santo do texto orixinal (Saint Loup, patrón dos pastores) por outro moi venerado no campo galego: San Antón.

O COMERCIANTE

Déixame en paz! Vaite e ten en conta a citación, se che parece!

O PASTOR

Señor, cheguemos a un acordo, por favor, e déixeme de preitos!

CADRO VII

Na casa de Patelín

O PASTOR
(*peta na porta*)

Hai alguén?

PATELÍN
(*baixiño*)

Que me aforquen se non é el que volve!

GUILLERMINA
(*baixiño*)

Queira San Xurxo que non! Iríanos ben mal, se así fose!

O PASTOR
Deus os acompañe e bendiga!

PATELÍN
(*saíndo da casa*)
Deus te garde, compañeiro! E logo, que queres?

O PASTOR
Vanme enganchar se falto á citación, meu señor, “debendo comparecer”, e, se fai o favor, señor avogado, ha vir vostede defender a miña causa, que eu non lle entendo nada diso. E, inda que me vexa mal vestido, heille pagar ben.

PATELÍN
Ven logo. Achégate e dime: que es ti, demandante ou demandado?

O PASTOR
Teño un asunto cun pillabán...enténdame ben, señor avogado,...ao que lle levei pacer moito tempo as ovellas e mais tamén llas gardei. Xúrolle que me pagaba tan pouco que...Cóntollo todo?

PATELÍN
Demontre, pois claro! Ao seu conselleiro hai que llo dicir todo!

O PASTOR
Ben certo é, señor, que eu mallei tanto nelas que algunhas se desmaiaron moitas veces e cairon mortas, por moita saúde que tivesen. Despois, para que el non me reprendese, eu facíalle crer que morreran da morriña do gando. “Ah! –ponse el- Non a mestures coas outras. Tira con ela”. “Con moito gusto” –digo eu. Mais facíao por outro camiño, pois -San Xoán me valla!- como lles sabía a enfermidade eu comíaas. Que quere que lle diga? Seguí mallando e matando en tantas que el acabou por se decatar e, cando

viu que o enganara - Deus me asista!- fíxome espiar. Xa sabe que berran moito cando... xa me entende! Así é que me pillaron coas mans na masa, non o podo negar... E eu viña lle pedir – polo que é de meu inda teño uns cartiños- que nós os dous lla xogáramos ben. Comprendo que el ten o choio fácil, mais vostede ha dar topado o xeito de llo virar en contra, se é que quere.

PATELÍN

A fe que has estar contento, ho! E que me has dar se lle tiro o dereito ao teu contrario e te poño libre?

O PASTOR

Non lle hei pagar en moeda pequena senón en ouro.

PATELÍN

Has saír ben, daquela, aínda que o choio estivese o dobre de mal. Canto máis difícil é, antes o eu boto abaixo, se quero poñerme! Has escoitar a miña parola, ao que el presente a súa demanda! Achégate aquí -polo santo sangue de Cristo!- que che quero preguntar... ti es pillo abondo para comprenderes a astucia... Como é que te chaman?

O PASTOR

Por San Amaro, chámanme Cordeiriño!

PATELÍN

E...Cordeiriño: teslle papado moito año novo ao teu amo?

O PASTOR

Abofé, ho! Se cadra comín máis de trinta en tres anos!

PATELÍN

Ven sendo unha renda de dez no ano.

(Á parte)

Heilla xogar ben.

(Alto)

E pensas que dará atopado axiña alguén para probar o acontecido? É o principal do preito.

O PASTOR

Probar, señor? A Virxe me valla e mais todos os santos do ceo! Por cada un que el busque ha atopar dez dispostos a declarar contra miña!

PATELÍN

Pois iso desfaiche o teu xogo. Velaí o que pensei: vou facer coma quen non son dos teus nin te vin nunca de diante.

O PASTOR

Non faga tal, Santo Deus!

PATELÍN

Non, ho, non é nada! Velaí o que convén: se ti falas, hante pillar a cada palabra que digas, e con esas confesións levábate o demo. Velaí, entón o que habemos facer: des que te chamen para compareceres diante do xuíz, ti non has responder cousa ningunha senón “Meee!” a todo o que che digan. E se te insultan dicindo: “Ei, ti, cornudo cheirento! Deus che traia mal ano, lampantín! Estás a te burlar da Xustiza?” ti di “Meee!”. “Ahí -poñereime eu- É parviño! Coida que está a falar co seu gando!”. E, mesmo que che rompesen a cabeza, que ningunha outra cousa saia da túa boca! Gárdate ben!

O PASTOR

Gardarei, si señor, que ben me interesa. E heino facer de maravilla: Prométollo e asegúrollo!

PATELÍN

Lémbtrate: tente ben firme! Mesmo a min, que che diga unha cousa ou outra, non me respondas máis ca iso.

O PASTOR

Eu? Non, ho, xúrollo por estas! Tolo estaría se lle dixese hoxe outra cousa a vostede ou a calquera! Por moito que me falen, non hei dicir senón a palabra que vostede me aprendeu!

PATELÍN

Por San Xoán, así habemos pillar ao contrario pola trampa! Mais fai tamén que ao remate eu me poña contento coa túa paga!

O PASTOR

Doulle a palabra, señor! Se non é así, non volva fiar en min! Pero, faga o favor, míreme axiña polo meu choíño!

PATELÍN

Virxe Santa, para min que o xuíz xa ha estar sentado, pois sempre vai ás seis ou por aí! Vaite ao dereitiño despois de min. Non podemos ir os dous xuntos de camiño.

O PASTOR

Ten razón. Para que non se vexa que é o meu avogado!

PATELÍN

María Santísima! E ten boa conta de me pagares con fartura!

O PASTOR

De certo, señor, doulle a palabra!

PATELÍN

(só)

Ai, demo, inda que non chova, polo menos vai pingando! Para un peixiño inda hei ter. Uns bos pesiños heillos chapar, se todo vai ben.

CADRO VIII

No tribunal

PATELÍN

(saúda ao xuíz)

Boa tarde, señoría! Deus lle dea un bo estrear e mais todo o que vostede degora!

O XUIZ

Benvido sexa, cúbrase logo e sente acolá!

PATELÍN

Diaño, estou ben aquí, se non lle importa! Aquí estou máis a xeito.

O XUIZ

Se hai algún preito, vamos axiña, para eu poder marchar rápido.

O COMERCIANTE

O meu avogado ven de contadiño. Estalle acabando o que facía e, se a vostede lle prouguese, señoría, poderíamos agardalo.

O XUIZ

Arredemo, teño que ir xulgar a outros lados! Se a súa parte está presente, comece sen agardar máis. Ou seica non é vostede o demandante?

O COMERCIANTE

Son, si, señoría.

O XUIZ

E onde está o demandado? Está presente en persoa?

O COMERCIANTE

(amostrando o pastor)

Está. Velaí o ten, ben caladiño. Sabe Deus o que está a pensar.

O XUIZ

Pois, se están os dous presentes, expoña a súa demanda¹⁷.

O COMERCIANTE

Velaí vai, logo: o certo, señoría, é que eu, por Deus e en caridade, alimentei este home cando era neno. E, ao que foi pillando forza para ir ao campo levar o gando, fíxeno meu pastor e encomendeille os meus animais. Pero, tan verdade como que vostede está aí sentado, señor xuíz, é que me fixo tal matanza nas ovellas e nos carneiros, que sen falta...

¹⁷ Nestes procesos non era obrigada a presenza do avogado para representar as partes (demandante ou demandado).

O XUÍZ

Imos ver: vostede non lle pagaba?

PATELÍN

Velaí, porque se lla xogou a facelo traballar sen lle pagar...

O COMERCIANTE

(recoñecendo a Patelín)

O demo me coma se non é vostede! Vostede mesmiño!

(Patelín esconde a cara coa man)

O XUÍZ

Como é que pon a man na cara, avogado? Seica lle doen as moas'

PATELÍN

Si, danme tal guerra que nunca tan enrabiado estiven! Nin a levantar a cabeza me atrevo! Ordene proceder, señoría, por Deus.

O XUÍZ

(ao comerciante)

Veña. Acabe a exposición! Adiante, conclusións claras!

O COMERCIANTE

Pola cruz de Cristo, de certo que é el e non outro!

(A Patelín)

Foi a vostede a quen lle vendín seis varas de pano, señor avogado!

O XUÍZ

(a Patelín)

Que é que di de pano?

PATELÍN

Divaga: quere volver ao seu discurso e non dá atopado. Como non foi aprendido niso!

O COMERCIANTE

(ao xuíz)

Polo Santísimo sangue, que me aforquen se foi outro o que me levou o pano!

PATELÍN

Moi lonxe vai o loubán para adornar a acusación! O moi rebelde quere dicir que o seu pastor vendera a la coa que fixeron o pano da miña roupa. Ben o entendín eu! Así di que o outro lle rouba e que lle ripou a la das ovellas.

O COMERCIANTE

(ao avogado)

Ruín semana me mande Deus se vostede non as ten!

O XUÍZ

Paz, polo Demo, déixese de barallar! Non pode volver ao seu discurso sen lle vir ao tribunal con esas lerias?

PATELÍN

(rindo)

Vaime mal se non río: está tan apurado que xa non sabe por onde ía. Temos que volver encamiñalo nós.

O XUÍZ

(ao comerciante)

Veña, volvamos a eses carneiros! Que foi deles?

O COMERCIANTE

Colleu seis varas: mil oitocentos pesos!

O XUÍZ

Seica somos parvos? Ou pallasos? Onde se pensa que está?

PATELÍN

Cristo me valla, estase rindo de vostede! Ten pinta de home honrado, mais penso que cumpriría preguntar un pouco á parte contraria.

O XUÍZ

Ben falado.

(Á parte)

El trátao, ten que coñecelo por forza.

(Ao pastor)

Ven aquí e fala.

O PASTOR

Mée!

O XUÍZ

Velaí outra cruz! Que é ese “Mée!!”? Seica son unha cabra, ou? A ver, fala!

O PASTOR

Mée!

O XUÍZ

Deus che bote unha peste negra! Inda te burlas?

PATELÍN

Debe ser parvo, ou estar tolo. Ou se cadra pensa que está entre o seu gando.

O COMERCIANTE

(a Patelín)

Arrenego se non foi vostede o que mo levou, o meu pano!

(Ao xuíz)

Ai, señor, non sabe con que raposaría...!

O XUÍZ

Pero cale xa, ho! E parvo, ou como é? Deixe en paz o accesorio e vamos ao principal!

O COMERCIANTE

A fe que o caso me toca, señoría, mais prometo, con todo, que non vai saír hoxe da miña boca outra palabra que fale diso. Agora vou tragar sen mastigar, e outro día xa farei o que poida... Pois dicíalle na miña exposición como eu lle dera seis varas... quero dicir, as miñas ovellas... Por favor, perdón, señoría... O señor avogado que aquí ten... O meu pastor cando tiña que estar no campo... Dicíame que me había pagar en ouro cando eu fose... Ou digo: dende hai tres anos, o meu pastor xurou gardarme lealmente as ovellas e que non me había facer falcatruada ningunha, e despois... Agora di que nin pano nin cartos!

(A Patelín)

Ai, señor avogado, a verdade é que...!

(O xuíz fai un xesto de impaciencia)

Este bandido ripábame a la das miñas ovellas e facíaas morrer –cando estaban cheíñas de saúde- zoscándolles e baténdolles na testa... Des que tivo o pano debaixo do brazo, marchou a toda présa e díxome que fose pola súa casa pola paga en ouro.

O XUÍZ

Non ten pes nin cabeza o que vostede esbardalla. Que é o que di? Mestura unhas cousas coas outras. Así Deus me salve como non entendo nada!

(A Patelín)

Ponse a dar voltas co pano... despois latrica de ovellas... É un remexido! Non ten sentido ningún o que el fala!

PATELÍN

Pois eu teño para min que queda coa paga do pobre do pastor!

O COMERCIANTE

Estea calado, por Deus! O meu pano, tan verdade como a misa... Ben sei eu mellor ca os outros onde o zapato me manca. Polos cravos de Cristo, teno vostede!

O XUÍZ

Que é o que el ten?

O COMERCIANTE

Nada, señoría. Xúrolle que é o trampón máis grande...! Arré, xa calo, hom, e non hei volver falar diso en todo o o día, se é que podo, pase o que pase!

O XUÍZ

E mais non, ho, pero que non lle esqueza! E chegue xa ás conclusións!

PATELÍN

Este pastor non dá respondido aos feitos que se lle presentan se non ten un conselleiro. E el non sabe, ou non se atreve a buscalo. Se vostede quere encargarme¹⁸, sería eu.

O XUÍZ

(mirando para o pastor)

Deste? Coido que non ha tirar proveito ningún. É un mal negocio.

PATELÍN

Tamén lle xuro que no quero nada del. Fágoo por caridade cristiá. Vou logo ver o que o pobriño me di, e se me informa para responder a aquilo de que o acusan. Íalle ir moi mal sen axuda ningunha.

¹⁸ Os xuíces podían nomear de oficio, no momento, un “conselleiro desinteresado” entre os expertos que estivesen presentes. Por iso Patelín, que ía con esa intención, se propón.

(Ao pastor)

Ven aquí, meu amigo: quen daría atopado...? Enténdesme?

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Que “Mée!” nin que demo! Polo sangue que Deus deitou! Estás tolo ou que? Cántame o choio.

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Que “Mée!”? Seica estas a oír mear as ovellas, ou? É polo teu ben, enténdeme logo!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Ei, di “sí” ou “non”!

(Baixiño)

Moi ben, segue así!

(Alto)

Estamos?

O PASTOR
(amodiño)

Mée!

PATELÍN

Mais alto, ou hache custar caro! Xa o verás!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Inda máis tolo ca el é quen meteu a este toliño nun xuízo.

(Ao xuíz)

Señoría, mándeo coas súas ovellas. Élle tolo de nacemento.

O COMERCIANTE

Tolo? San Salvador das Asturias¹⁹. É máis listo ca vostede!

PATELÍN

(*ao xuíz*)

Mándeo gardar o gando e que non volva por aquí. Malia os que meten estes tolos nun xuízo!

O COMERCIANTE

E vaino mandar fóra antes de eu rematar?

O XUÍZ

Deus me valla! E logo non? Non ve que está tolo? Por que non ha marchar?

O COMERCIANTE

Diaño, señoría, déixeme antes, polo menos, presentar as conclusións! Non lle son andrómenas nin contos o que eu digo!

O XUÍZ

É un bo suplicio xulgar aos tolos! escoiten: abonda xa de parola, vou levantar a sesión.

O COMERCIANTE

E vanse poder ir sen obriga de volveren?

O XUÍZ

Entón?

PATELÍN

Volver? Nunca se viu alguén máis tolo ca este nin polos feitos nin polos ditos!

(*Amostrando o comerciante*)

E o outro non vale unha miga máis! Ningún deles ten miolo. Por santa María fermosa, nin un quilate dan pesado entre os dous!

O COMERCIANTE

Vostede levoume o pano con garatuxas e sen pagalo, avogado. Polo Preciosísimo Corpo! Malpocado de min, iso non foi de xente honrada!

¹⁹ No camiño de Santiago. A invocación ao santo Salvador das Asturias non era infrecuente e era equivalente do camiño a Compostela.

PATELÍN

Arrenego de san Pedro de Roma se este home non é un tolo ou tolea!

O COMERCIANTE

Coñezoo pola fala, polo vestir e pola cara! Non lle estou tolo, non, que ben distingo a quen me axuda!

(Ao xuíz)

Heille contar o asunto todo, señoría, pola miña conciencia!

PATELÍN

(ao xuíz)

Señoría, impóñalle silencio!

(Ao comerciante)

Non ten vergoña? Disputar con este pastor por catro carneiros vellos e ruíns que non valen dous patacos!

(Ao xuíz)

Boa liorta formou con iso.

O COMERCIANTE

Que carneiros! Dálle coa zanfona! Fálolle a vostede mesmiño, e vaimo devolver! Xúroo polo Deus que naceu no Nadal!

O XUÍZ

Veo vostede coma min? Estou no meu sentido? Non vai parar de ornear en todo o día!...

O COMERCIANTE

Presento demanda contra el por...

PATELÍN

(ao xuíz)

Fágao calar!

(Ao comerciante)

Por Deus, xa barallou abondo! Poñamos que el lle matara seis ou sete, ou unha ducia, e que os comese. Que desgraza máis grande para vostede, meu pobriño! Éche boa! Gañou vostede ben máis ca iso no tempo en que el llas gardou!

O COMERCIANTE

(ao xuíz)

Mire, señoría, eu fálole de panos e el venme con carneiros!

(A Patelín)

Onde van as seis varas de pano que vostede meteu debaixo do brazo?
Non pensa volvermas?

PATELÍN

(ao comerciante)

Ai, señor! Seica o vai facer aforcar por seis ou sete ovellas? Acougue un pouco, cando menos! Non sexa tan duro con este pobre e sufrido pastor, tan espido coma un verme!

O COMERCIANTE

Vostede si que vestiu ben o asunto! Foi o demo o que me fixo vender o pano a un pillo tal! Deus bendito, señoría, presento demanda contra el!

O XUÍZ

Absólvoo da súa demanda e prohíbolle perseguilo en xustiza! Bo mérito ten, levar a xuízo un tolo!

(Ao pastor)

Vaite co teu gando.

O PASTOR

Mée!

O XUÍZ

(ao comerciante)

O señor amosra ben quen é, a Virxe me valla!

O COMERCIANTE

Demontre, señoría, pola miña alma que quero que el...!

PATELÍN

(ao xuíz)

E non dará calado?

O COMERCIANTE

(virándose cara a Patelín)

A cousa vai con vostede! É un mentireiro que me enganou e me roubou o pano con palabras bonitas!

PATELÍN

(ao xuíz)

Ei, está atacando a miña honra! Oíu, señoría?

O COMERCIANTE

(a Patelín)

Deus me asista, é vostede o trampón máis grande!

(Ao xuíz)

Señoría, dígolle que...!

O XUÍZ

Son un suplicio, estes dous! É liorta seguida! Deus me valla, teño que me ir!

(Érguese e dille ao pastor)

Vaite, meu amigo, e non volvas por aquí aínda que te cite o alguacil! O tribunal absólvetes. Entendes?

PATELÍN

(ao pastor)

Di "Moitas grazas!!

O PASTOR

Mée!

O XUÍZ

(ao pastor)

Xa está, vaite! Non che importe, tanto ten!

O COMERCIANTE

E é xusto que el marche así?

O XUÍZ

(baixando do tribunal)

Teño que facer noutro lado. Son vostedes túzaros de máis e non me han facer esperar nin un minuto! Voume! Quere vir cear comigo, avogado?

PATELÍN

(levando a man ao queixelo)

Non podo.

(O xuíz vaise)

O COMERCIANTE
(*en voz baixa*)

Es ben ladrón, ho!

CADRO IX

Diante do tribunal

O COMERCIANTE

(a Patelín)

Oíu: vaimo pagar ou non?

PATELÍN

O que, ho? Está mal da cabeza? Quen se pensa que son eu? Que morra se non estaba a pensar por quen me toma vostede!

O COMERCIANTE

Arredemo!

PATELÍN

Meu señorío, escóitame un pouco, voulle dicir por quen me toma: non pensa que eu son algún tolo que vostede coñece? Pois mireme ben: non o son.

O COMERCIANTE

Quéreme facer pasar por parvo? Vostede é vostede mesmo; en persoa. A súa voz demostra, non vaia pensar outra cousa.

PATELÍN

Que eu son eu? Non tal, desengáñese, ho!

O COMERCIANTE

Seica non acabo de deixalo enfermo na súa casa'

PATELÍN

Velaí unha boa razón. Enfermo? E de que enfermidade?... Recoñeza a súa parvura: agora vese ben clariña.

O COMERCIANTE

Arrenego de San Pedro se non é vostede! É vostede e non outro! Seino de certo!

PATELÍN

Non crea tal, que non lle son eu. Eu non lle levei nunca nin vara nin media. Non teño esa sona.

O COMERCIANTE

Polos cravos de Cristo, vou mirar á súa casa se é que vostede está alá! Non nos imos seguir partindo a cabeza aquí se é que o atopo a vostede alá.

PATELÍN

A Virxe me valla, e mais ten razón! Dese xeito hao saber ben.

(O comerciante marcha)

CADRO X

Diante do tribunal

PATELÍN

(ao pastor)

Ei, Cordeiriño!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Ven aquí, ven. O teu choio está amañado?

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

A parte contraria retirouse, xa non digas “Mée!”, non é necesario. Torcinllo ben, non si? Ou non te aconsellei ao xusto?

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Diaño, agora non te van oír! Fala sen medo, non che importe!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Teño que marchar: págame!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Se che digo a verdade, fixeches moi ben o teu papel. O que o fixo caír foi que deses aguantado sen rir.

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Que “Mée!”? Xa non tes que dicilo! Vaime pagando, e con fartura!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Que “Mée!”? Fala con xeito e págame para que marche decontado!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Sabes o que? Voucho dicir: rógoche que, sen ladrares máis, penses en me pagar. E abonda xa co “Mée!”! Paga logo!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

É unha burla? É todo o que has facer? Xúroche que me has pagar, non sendo que voes! Entendes? Veña, os cartos!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Inda te chufas? Como? Non hei outra cousa?

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Fas coma os charlatáns de feira! E a quen lle queres meter os calotes?²⁰ Sabes quen é? Non me aboures máis co teu “Mée!” e págame!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Non hei ter outra paga? Con quen pensas que estás a xogar? Eu contenteite ben, fai ti agora que eu vaia contento!

O PASTOR

Mée!

²⁰ O orixinal é “*Et a qui vends tu tes coquilles?*”, que viña significando “*E a quen pretendes enganar?*”. Esta locución ten a orixe na estafa consistente en vender vieiras que se dicían proceder da peregrinaxe a Compostela cando eran falsas. Foi a partir deste novo significado da palabra *coquille* que se desenvolveu en francés, a partir do século XVII, o significado moderno, tan empregado nos nosos días, de *coquille* como “erro tipográfico, substitución dunha letra por outra”.

PATELÍN

Quéresme xingar con airiños de boa ovella²¹?

(Á parte)

Arredemontre! Tanto vivín eu para que agora un pastor, un carneiro vestido, un aldeán do monte, veña chufarse de min?

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Non darei tirado outra palabra? Se o fas para te divertires, podes dicilo, e así non me fas disputar máis. Ven cear á miña casa.

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Por san Xoán, tes boa razón! Os ratos pillan aos gatos.

(Á parte)

Coidaba ser eu o máis grande dos trampulleiros, dos pillabáns e dos que pagan con palabras (para cobrar no día do Xuízo) e velaí que un pastor do campo me pasa por riba.

(Ao pastor)

Por Santiago, se atopo un alguacil, hei facer que te prenda!

O PASTOR

Mée!

PATELÍN

Que “Mée!”! Que me aforquen se non fago vir o alguacil! E halle ir ben mal se non te mete na cadea!

O PASTOR

(fuxindo)

Se é que el me atopa, ten o meu perdón!

²¹ A frase orixinal é “*Me fais tu mengier de l’oe?*”, xa explicada na nota 9. Como non podemos trasladala directamente, pareceunos moi axeitada a locución galega equivalente que empregamos, canto máis que os “*airiños de boa ovella*” cadran moi ben co “*Mée!*” do pastor.